

## foz

Comeza o plan de mellora de camiños en parroquias e a licitación da renovación de rúas. **Pax. 8**

## viveiro

Remata o alumado en Santo Albites e comprometen obras en vías do rural. **Pax. 11**

## burela

O Concello adxudica o SAF e amplía os seus servizos con fisioterapia ou podoloxía. **Pax. 13**

## xove

Xove instala o servizo telefónico Liña Verde para poder xestionar incidencias. **Pax. 16**

## alfoz

O rexedor, Jorge Val, fai balance desta lexislatura e os seus retos para o futuro. **Pax. 19**

## Todo un mes En Negro

O 25N conmemórase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres con numerosas iniciativas sociais e institucionais



## O CSIC inicia o estudo do castro Rueta, en Cervo

Contempla a súa análise cunha metodoloxía pioneira para avaliar o seu estado. **Pax. 25**

## Sergio López, xerente da OPP de Burela

Fálanos sobre o veto da pesca por parte de Bruxelas, unha medida que repercute na comarca. **Pax. 26**

## Historia marítima



Viveiro acollerá as VI Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima. **Pax.10**

## Ciclos teatrais mensuais



Proporán unha representación teatral cada mes na casa da cultura de Trabada. **Pax. 16**

## Volve a tradicional feira



A Pontenova acollerá de novo a Feira de Artesanía e Antigüidades. **Pax. 23**

## A Deputación presenta os orzamentos

Avanza no Parlamento que ascenderán este ano a 110 millóns de euros. **Pax. 27**

## Fixemos os deberes!

Fibra **1.000 Mb**  
Móbil **50 GB**

**13€**  
/mes  
44€/mes

AFORRA  
**279€!**

**Durante 9 meses!**



**adamo**  
La mega fibra

Chama gratis ao **900 651 679** ou visítanos en **adamo.es**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratarán Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 24/08/2022 e o 14/11/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 13€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. LÍMITOS ADICIONAIS LIMITADAS A UN MÁXIMO DE 4 POR CLIENTE.



## 25N

# En Negro contra a violencia de xénero

A sociedade celebrará o 25 de novembro esta loita contra os feminicidios con numerosas iniciativas que abrangerán todo o mes



O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller conmemórase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

Esta celebración que tiña lugar un día acabou ampliando a súa relevancia e hoxe en día está vinculada á practica totalidade do mes. Pero, escoller o 25 de novembro para conmemorar esta lacra social ten unha razón de existir.

Elixíuse o 25 de novembro para conmemorar o violento asasinato das irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), tres activistas políticas asasinadas o 25 de novembro de 1960 en mans da policía secreta do ditador Rafael Trujillo

na República Dominicana.

Hoxe, o seu simbolismo está moi representado polo movemento En Negro. Trátase dunha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas que xorde no 2015 en Santiago de Compostela, co impulso da Administración local, e que ano tras ano foi medrando, involucrando a máis concellos, institucións e sectores, chegando a expandirse de xeito viral mesmo fóra de Galicia. Aínda que está latente durante todo ou ano, é sobre todo no mes de novembro, e no 25N, cando a acción desprega a súa actividade de forma máis intensa.

Dende o seu inicio buscou implicar o tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía,

nunha resposta colectiva de rexeitamento das violencias de xénero e máis dos asasinatos machistas.

Tamén se apostou por identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás das violencias de xénero a través do uso de materiais de campaña específicos por parte da cidadanía, empresas, establecementos comerciais e axentes sociais.

Son moitas as accións que se levan a cabo contra a violencia de xénero durante todo o ano, centradas maiormente na educación na igualdade e o respecto, con charlas, cursos e campañas de sensibilización en colexios, institutos e universidades.

Tamén se apostou pola protección das mulleres con diferentes programas en distintos ámbitos.

## Unhas cifras xudiciais que non baixan

Os xulgados galegos recibiron o segundo trimestre deste ano 1.813 denuncias por violencia de xénero, un 9,9 % máis que no mesmo período de 2021, cando se presentaron 1.649. A gran maioría (1.328) chegaron a través de atestados policiais con denuncia da vítima. Aumentou tamén o número de mulleres que aparecen como vítimas, pois nese período contabilizáronse 1.811, fronte ás 1.636 de 2021, o que supón unha subida do 10,7 %. A taxa de violencia de xénero (mulleres vítimas por cada 10.000 mulleres) en Galicia situouse en 13, a segunda máis baixa do Estado -cuxa media foi de 18,4-, só por detrás da de Castela e León (11,6).

Os distintos órganos xudiciais (xulgados de violencia sobre a muller, xulgados do penal e audiencias provinciais) ditaron no segundo trimestre en procesos de violencia de xénero 593 sentenzas, das cales 498, é dicir, o 84 %, foron condenatorias.

Ademais, en Galicia descendieron un 10,2 % os casos de vítimas que se acolleron á dispensa para non declarar. No segundo trimestre de 2022 optaron por esta opción 97 mulleres, fronte ás 108 que o fixeron no mesmo período de 2021.

Ademais, durante eses tres meses solicitaron ante os xulgados de violencia sobre a muller 486 ordes de protección, un 7,4 % menos que nas mesmas datas de 2021, cando se demandaron 525. Delas, foron acordadas 344 (o 71 %), fronte ás 348 de 2021. Nos xulgados de garda sen competencia en violencia sobre a muller solicitaronse 126 ordes de protección, o que supón un aumento interanual do 16,7 %.

No segundo trimestre deste ano os xulgados de menores axuizaron a catro persoas por delitos relacionados con violencia sobre a muller, mentres que o ano anterior só foi xulgada unha persoa no mesmo período por procesos de violencia de xénero.

Os datos relativos ás medidas civís ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller para protexer aos fillos das vítimas, que reflicten as modificacións legais introducidas na Lei Orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, reflicten que entre abril e xuño os órganos xudiciais galegos adoptaron 39 medidas consistentes na suspensión do réxime de visitas, un 225 % máis que o ano anterior, cando se adoptaron doce.

**VISTE DE NAVIDAD TU CASA**

RIBADEO: Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883  
 BARREIROS: Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377  
 BURELA: C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954

**almayo**  
muebles

f @



# “Propuxemos aos concellos pintar un banco de cor violeta”

Mary Fraga Fernández, presidenta de Mujeres En Igualdad Provincial de Lugo

## Que é Bumei?

Mujeres En Igualdad Provincial de Lugo (Bumei), é unha asociación non gobernamental, sen ánimo de lucro e de interese social, que ten como obxectivo primordial a loita contra a desigualdade, a exclusión social, a violencia de xénero e promover o papel fundamental da muller en todos os ámbitos da sociedade.

## Esta loita inclúe moitos campos, non?

Si. Por exemplo a denuncia expresa de toda discriminación, laboral, social, educativa cara á muller polo feito de selo, a defensa e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos/as fillos ou fillas se os houbese. Así como elaboración e participación en programas de cooperación e desenvolvemento nacional e internacional, destinados principalmente ás mulleres. Tamén defendemos as reivindicacións e propostas sobre igualdade de oportunidades para as mulleres e promovelas. Apoiamos a integración laboral e social das mulleres e das persoas en risco de exclusión en xeral.

## Tamén fan labores de coordinación?

Si, coordinámonos con asociacións e entidades análogas, ao obxecto de asegurar a maior eficacia no cumprimento dos seus fins. Organizamos e xestionamos a despensa de alimentos de Burela, para que as mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos

e as persoas en risco de exclusión teñan cubertas as súas necesidades máis básicas.

## Faredes actividades polo 25N?

Efectivamente. No 25 N realizaremos diversas actividades que xa están programadas, e outras novas que aínda se están perfilando e pechando cos diferentes concellos da Mariña lucense, e tamén, noutros concellos a nivel autonómico, xa que aínda que nosa principal área de actuación centralízase na Mariña e a provincia de Lugo onde contamos con 3 locais propios e varios locais cedidos por diferentes entidades e administracións, esta asociación tamén realiza intervencións e actuacións en todas e cada unha das provincias galegas, xa que contamos con ámbito autonómico de actuación.

## Que tipo de actividades?

Divulgamos a nosa campaña con charlas e actividades que temos programadas en diferentes centros escolares, nos nosos propios locais como actividades encadradas dentro da educación en igualdade, e tamén, do mesmo xeito que vén sucedendo desde hai xa 4 anos, en colaboración coa Asociación de Senderistas de Barreiros e o Club de Fútbol de Barreiros, volveremos realizar a Andaina solidaria. Ademais propúxose a todos os concellos que pinten un banco de cor violeta e cunha frase de repulsa a esta secuela, onde se lembre ás vítimas, que sirva para reflexionar. Aínda estamos

á espera da contestación dalgún dos Concellos, pero confiamos en que se adhiran a esta campaña a maior parte, non o entenderíamos doutro xeito, xa que a unión fai a forza.

## ‘No des la espalda a la violencia de género. Plántale cara’, foi o lema do anuncio. Como xurdiu e en que consiste a campaña?

Esta campaña de sensibilización contra a violencia de xénero, xurdiu coa idea de implicar a toda a poboación na loita trasladando unha mensaxe contundente de rexeitamento á violencia, mediante a participación dos diferentes sectores de representación cidadá. Na primeira e segunda edición desta campaña editamos un calendario solidario, e no terceiro ano, debido ás resticións da pandemia ideamos a visibilización desta mesma campaña utilizando os medios de difusión, conseguimos dar continuidade a esta iniciativa e chegar coa nosa mensaxe desde Burela, alá onde co papel impreso non conseguimos facelo.

## Tivo moita repercusión?

Esta edición obtivo uns grandes resultados de visibilización para a concienciación contra a violencia de xénero en toda a comunidade autónoma, xa que foron varios os Concellos de toda Galicia que se puxeron en contacto connosco para pedirmos colaboración na loita contra esta secuela social. De feito o ano pasado, por petición expresa de varios concellos



da Mariña ampliouse esta campaña mediante a gravación dun anuncio publicitario.

## Tedes repercusión entre os concellos, empresas e colectivos?

A repercusión de Bumei é enorme. Traballamos en constante cooperación e coordinación cos Servizos Sociais xa que asesoramos e acompañamos a vítimas, traballamos a prevención e axudamos a saír de situacións de exclusión. Son moitos os colectivos cos que traballamos e mantemos unha estreita colaboración e autónomos e empresas axudáronnos tamén con doazóns principalmente de alimentos para cubrir carencias en épocas puntuais.

## Como se adhira á asociación?

A maneira de adherirse é cumprimentando un modelo de solicitude que se atopa publicado na nosa páxina web, mediante comunicación a algunha das directivas, ou solicitándoo telefonicamente ou por calquera outro medio.

## Facedes máis actividades de concienciación?

Si, entre outras moitas contamos con mesas informativas en diferentes puntos, puntos violeta de información en diferentes eventos, xornadas, cursos e talleres de motivación e autoestima, e servizos de atención psicolóxica, xurídica e laboral.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



# A MARIÑA

## Trabada e Foz son os protagonistas deste mes da Mariña en Ruta

Por Valadouro, Lourenzá, Trabada e Foz seguirá A Mariña en Ruta en novembro. A Mancomunidade ven de presentar os roteiros do vindeiro mes para os que está aberta a inscrición.

O 1 de novembro tivo lugar a Ruta dos Pozos, no Valadouro, e o día 5 foi a quenda do Conde Santo e o fenómeno medieval da peregrinación de Lourenzá.

Xa o día 12 tocará Trabada, camiñando ao pasado, na que se coñecerá a historia e o pasado do municipio da man de Manuel Anllo, que inclúe a visita ao Museo Etnográfico Xosé Rocha e a ruta de sendeirismo PR-G 85 ruta da Fraga da Vilapena.

Xa para o día 19 está programada unha visita ornitolóxica á ría de Foz. Con esta actividade os participantes terán a oportunidade de descubrir as aves máis icónicas deste paraxe natural que nesta época do ano acolle interesantes poboacións de aves acuáticas tanto migratorias

como invernates. A visita será guiada por Saúl Román, que é ornitólogo local.

E o 26 de novembro rematará esta nova edición de A Mariña en Ruta con A vida aos pés da Ría de Foz-Masma, en Barreiros. Da man de Sofía López os asistentes realizarán un percorrido guiado circular ao lado da ría de Foz-Masma en Barreiros. Espazo de gran beleza paisaxística na que se percorreren paisaxes tan diversos como un sistema dunar, a propia ría e a súa biodiversidade, ademais dos aproveitamentos humanos deste recurso, elementos do patrimonio etnográfico e da micro toponimia do entorno.

A información sobre a rutas e as reservas de prazas realizarase de forma automática a través da web de Turismo de A Mariña Lucense [www.amarinalucense.gal](http://www.amarinalucense.gal), o email [enruta@amarinalucense.gal](mailto:enruta@amarinalucense.gal) e o teléfono +34 690 61 47 49.

## A ministra de Industria reúne cos alcaldes socialistas da Mariña

A ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, mantivo nas Pontes un encontro de carácter político con varios alcaldes socialistas da comarca da Mariña luguesa para analizar as decisións e os investimentos levados a cabo polo goberno de España e o grupo Alcoa para a reactivación da planta de aluminio de San Cibrao.

Durante o encontro, que tivo lugar na sede do PSOE das Pontes, Reyes Maroto repasou cos alcaldes o compromiso acadado pola dirección de Alcoa cos traballadores para investir 105 millóns de euros na modernización das súas instalacións. Do mesmo xeito, valoraron os pasos dados para facer viable o futuro da planta de produción de aluminio, que pasaba por chegar a acordos coas compañías enerxéticas para asinar contratos de subministro a prezos estables. Unha vez que Alcoa comezou a executar os investimentos comprometidos e que asinou os contratados con tres empresas, a preocupación estriba agora na autorización administrativa dos parques eólicos que



se encargará do subministro enerxético do complexo de San Cibrao, una tarefa que depende única e exclusivamente da Xunta.

Varios alcaldes amosaron durante o encontro a súa preocupación polo atraso na tramitación dos parques, e expresaron o seu temor de que a prolongue o seu peche debido á burocracia e aos papeleos que dependen de varios departamentos da Xunta.

Outros dos aspectos dos que dou conta a ministra de Industria foi a concesión dunha subvención de 30 millóns de euros a Alcoa para levar a

cabo a compra de dereitos de emisión de CO2 que precisa para a súa reapertura. Insistiu Reyes Maroto en que a compañía ten todo o apoio do goberno de España e animouna a sumarse ás peticións do PERTE para a descarbonización que se aprobará en breve.

No encontro de carácter político participaron, ademais do secretario xeral do PSdeG e alcalde pontés, Valentín González Formoso, o secretario provincial do PSOE de Lugo, José Tomé, e os rexedores de Foz, Alfoz, Oulol, Valadouro, Viveiro, Lourenzá, A Pontenova ou Trabada.

## Comezaron as obras para acondicionar a ponte que une Valboa e Cedofeita

Comezaron as obras realizadas de forma conxunta entre os concellos de Trabada e Ribadeo para acondicionar e pavimentar un camiño que une, a través dunha ponte, as parroquias trabadense de Valboa e a ribadense de Cedofeita.

A actuación consistirá no acondicionamento e pavimentación do tramo, a prolongación da obra de paso existente sobre o rego Ferreira e a instalación de barreiras

de seguridade en ambas marxes, coa finalidade de que teñan uns accesos en boas condicións. Para a realización dos traballos, conseguiron unha subvención que solicitaron de forma conxunta á Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O orzamento é de 62.500 euros e a axuda concedida de 43.750 euros, o 70% do custe total.



**GDR TERRAS DE MIRANDA.** O Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda presentou na Casa da Penela en Mondoñedo os proxectos de Mellora da dixitalización de empresas vinculadas aos sectores turístico e agroalimentario e Estudo e creación dun Club de Produto de Ecoturismo, realizados a través do programa Leader 2014-2020.



NOSOTROS ELEGIMOS  
LA TIERRA





# Fontelo Novias

NADIE CUIDA MÁS TU IMAGEN  
ATELIER PROPIO - LINEA SARTORIAL A MEDIDA



• COLECCIÓN 2023 •

[www.fontelonovias.com](http://www.fontelonovias.com)

OBISPO AGUIRRE, 1  
Teléfono 982 253 376 • L U G O



## Catro concellos da comarca obteñen a Bandeira Verde



A Xunta de Galicia vén de recoñecer 15 concellos como territorios responsables coa concesión da Bandeira Verde, un distintivo que ten por obxecto enxalzar as boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe. Durante o acto de entrega destes distintivos, no que estivo acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, salientou que cada vez son máis os concellos que se suman a esta iniciativa. Se na súa primeira edición -2020- se entregaron 2 bandeiras verdes, este ano son 15 os municipios distinguidos, 6 máis que o pasado 2021.

Logo de felicitar aos concellos da

Laracha, Cervo, Muros, Ribadeo, Ribeira e Touro por ser galardoados por primeira vez e aos de Alfuz, Curtis, Moaña, Mondoñedo, Ordes, Outeiro de Rei, Parada de Sil, Porto do Son e Sober por revalidar a Bandeira Verde de 2021, Ángeles Vázquez animou a todos os municipios a presentarse a este galardón que pretende "sumar e reflectir o esforzo que as entidades locais están facendo polo futuro de Galicia" grazas a accións e boas prácticas para ordenar o territorio, protexer o medio ambiente e a paisaxe; para afrontar o cambio climático e mellorar a eficiencia enerxética; para xestionar de xeito responsable os residuos municipais, e para sensibilizar a cidadanía nesta materia.

## Tomé cualifica os orzamentos da Xunta como "decepcionantes"

O Secretario Xeral do Partido Socialista na provincia de Lugo, José Tomé Roca, asegurou que os Orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2023 son os presupostos "da monotona, da mentira e do engano". Demostran, subliñou, que o PP está instalado na rutina. Non ofrece nada novo, nin a Galicia, nin á provincia. Xestionan por inercia e, polo tanto, dá igual que teñan 11.000 que 12.000M€ de Orzamento. Non se nota".

Desta forma, subliñou José Tomé, as contas autonómicas ratifican "a diferencia abismal entre o Partido Socialista e o Partido Popular, na maneira de gobernar e no compromiso con Galicia e coa provincia", pois, explicou, "cando gobernamos os socialistas, Galicia e a provincia avanza, porque temos un proxecto de país claro e porque cumprimos co que nos comprometemos", mentres que co PP "ocorre todo o contrario". "O Partido Popular ten a provincia ó ralenti, practicamente paralizada, e sen nada novo no horizonte", incidiu o líder dos socialistas lucenses, quen se pregunta "onde van" os 1.100M€ que aumentan os presupostos da Xunta, grazas á aportación do Estado, apuntou.



Tomé puxo as infraestruturas como exemplo da "rutina" coa que xestionan os populares na Xunta. "Seguen empantanadas obras estratéxicas para a competitividade e o desenvolvemento da provincia"

En canto ao investimento social, os Orzamentos da Xunta "resultan especialmente decepcionantes, sobre todo en sanidade", asegurou o Secretario Xeral do PSdeG na provincia. "Hai un colapso evidente, que xa non nega ninguén. O 80% dos concellos da nosa provincia sofren graves carencias de persoal en Atención Primaria e Pediatría, vémolos todos os días, e a Xunta non aporta solucións. É máis, dedícase ó trilerismo político, anunciando un día un reforzo para Atención Primaria de 33,4M€, para

dicir o día seguinte que son 137M€". "Os socialistas esixímoslle á Xunta rigor, respecto ós cidadáns e que rectifique. Que non lle baixe o imposto ós ricos e que dedique eses 33,4M€ a reforzar a Atención Primaria", afirmou José Tomé. "Non se pode baixar os impostos ós ricos e despois pedir ó Estado o diñeiro que a Xunta regalou ós que máis teñen", afirmou. O líder dos socialistas na provincia fixo fincapé en que a Xunta non aporta "nada novo" en educación. "Máis alá dos investimentos en centros educativos da capital, que dende logo son necesarios, non hai ningunha actuación en colexios ou institutos do resto da provincia", o que supón, dixo, "un novo desprezo ó rural".

## O BNG pide máis investimento do Estado para as infraestruturas

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, presentará emendas para aumentar o investimento do proxecto de Orzamentos, presentado polo Goberno do Estado, na comarca da Mariña. A fronte nacionalista aspira a rematar coa discriminación e compensar o déficit histórico que sofre o noso País, sobre todo en materia infraestruturas e servizos, a comezar polas obras pendentes que permitirían vertebrar A Mariña coa construción da A-74, a reparación dos tramos da N-642, o terceiro

carril da A-8 até o Alto da Xesta ou potenciar a liña do FEVE entre Ribadeo e Ferrol e a adaptación do dique norte de Morás para que poida ser empregado con fins comerciais. "As infraestruturas son un elemento fundamental para o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. Na Mariña, que posúe enormes potencialidades, arrastra unha discriminación histórica con numerosas obras pendentes e por iso reclamamos un incremento do investimento do Estado" destaca.

## Dous centros mariños incorpóranse ao Plan de Mellora de Bibliotecas

A Xunta vén de incorporar 25 novos centros educativos públicos ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe), tal e como publica no DOG. Deste xeito, a rede de centros integrados neste programa chega este curso a 798 centros, dos que 754 son públicos e 44 concertados. O orzamento a este plan elévase a 1,6€ para cubrir tanto os fondos destinados aos colexios e institutos de nova incorporación como aos que continúan participando na iniciativa. Un ano máis a convocatoria dá prioridade aos centros do rural, de tal forma que, en igualdade de puntua-

ción, teñen preferencia os situados en concellos de menor poboación. De feito, dos centros de nova incorporación, a meirande parte son de poboacións de pequena e mediana poboación.

A listaxe dos mesmos conta con seis centros da provincia de Lugo. Na Mariña únense o IES Alfuz-Valadouro e o CEIP Península da Paz de Cervo; ademais do CEIP Plurilingüe de Muimenta e o CEIP Laverde Ruíz de Outeiro de Rei, na zona centro. Da Montaña engádesse o CPI Plurilingüe Navia de Suarna para rematar co CEE Infanta Elena de Monforte.

As asignacións para as novas incorporacións estarán destinadas á actualización dos fondos documentais da biblioteca escolar, á renovación do mobiliario e outro equipamento necesario, así como para outros gastos de funcionamento. No caso dos centros integrados no programa en convocatorias anteriores, poderán destinar a asignación a fondos, a mobiliario e outros equipamentos (os incorporados nas convocatorias 2008-09 a 2012-13 e 2021-22) ou a gastos de funcionamento específicos da biblioteca (centros integrados na convocatoria de 2021/22).



www.ortegaloil.es    Ortegaloil

### ¿QUIERES VIVIR COMO UN MINISTRO?

ACÉRCATE A NUESTRAS ESTACIONES DE SERVICIO Y OBTÉN TU CARNÉ DE MINISTRO DE COMBUSTIBLE PARA TENER PRECIOS DE ESCÁNDALO EN NUESTROS CARBURANTES

¡20 CÉNTIMOS DE BONIFICACIÓN + 5 CÉNTIMOS CON EL CARNÉ DE MINISTROS!





# “O Trunk Show é unha ocasión única para ver vestidos exclusivos”

José Ramón é o xerente de Fontelo Novias

Fontelo Novias é unha tenda especializada en vestidos de noiva e xastrería e cerimonia de cabaleiro que estes días acollerá un Trunk Show de dúas importantes firmas deste sector.

**Fontelo Novias contará pronto cun Trunk Show. Que significa este termo?**

Un Trunk Show é un evento exclusivo que se realiza nunhas tendas seleccionadas e neste caso avalado por dúas firmas de nivel mundial no mundo das noivas do grupo Pronovias como son St. Patrick e Nicole Milano. Nel permitirase ás noivas que se queiran achegar neses días ata a tenda, probar unha serie de vestidos exclusivos que están en rotación por todo o mundo e que desfilaron na Bridal Fashion Week de Barcelona. É unha ocasión única, exclusiva e puntual para só tres días con cada firma.

**Como poden as futuras noivas anotarse?**

Para asistir ao evento de St. Patrick, que será os días 10, 11 e 12, é necesario concertar cita previa chamando ao teléfono 982 253 376 para poder contar con toda a atención personalizada que nos caracteriza en Fontelo. O de Nicole Milano foi a finais de outubro.

**Que se poderá ver eses días?**

Cada firma achegará 15 vestidos de noiva e ademais contaremos con algún que xa está na tenda para poder probar.

**Con que nos sorprenderán St. Patrick e Nicole Milano?**

Dentro do amplo abano de produtos que nos presenta estas dúas maravillosas firmas en Fontelo Novia puidemos escoller os vestidos que na nosa opinión cremos que completan a nosa extensa colección. O primeiro é que hai que facer unha diferen-

ciación entre a liña de Nicole Milano deste ano chamada Symphony of Arts e a de St. Patrick, A State of Grace, xa que son liñas moi diferentes que se poden complementar pero que non se solapan. A colección de Nicole Milano é moi rica en transparencias e son vestidos con silueta, brillos, tecidos moi exclusivos, e lamés de seda que aportan mobilidade ás saias. Pero sobre todo preocupáanse pola comodidade e a vestibibilidade das súas prendas. Nicole Cavallo, a diseñadora, ten especial sensibilidade para recoller estas ideas. No tocante á colección de St. Patrick podemos dicir que conta con deseños modernos, sofisticados, cunha sutil sensualidade, e que farán sentir á noiva moi elegante e moi feminina.

**Cómo naceu Fontelo Novias?**

Pois somos a segunda xeración de Fontelo o que afortunadamente échenos de orgullo pois de algunha forma pon en valor o traballo que xa fixeron os meus pais nos anos 60.

**A súa clientela é só de Lugo?**

Non. Contamos cunha carteira de clientes moi importante e non só de Lugo cidade senón que se achega xente dende A Coruña, León, Ponferrada ou Ourense. Hoxe en día a xente móvese moito polos comentarios de internet e as redes sociais e saben que en Fontelo Novias terán un produto diferenciado cunha atención personalizada e que coidaremos moitísimo o detalle, é dicir, aquí non improvisamos, a noiva non se atopará sorpresas a semana da voda.

**Como é a maneira de traballar?**

Facemos probas periódicas para facer un seguimento exhaustivo de como evoluciona a persoa e ademais face un ‘final fitting’ per-

sonalizado. Controlamos todo o proceso, é dicir, dende o día que chega o vestido fanse as primeiras probas e tamén damos a oportunidade de asistir cunha proba de peiteado para ver o ‘look’ total. Ademais seguimos sendo unha das poucas empresas que aínda segue facendo o servizo a domicilio dentro de Lugo cidade para que a noiva poda despreocuparse. As nosas noivas compran un produto pero a nosa obrigación é proporcionarlles o mellor servizo e o máis completo posible.

**Cando as noivas chegan á tenda por primeira vez, veñen con ideas claras ou se deixan asesorar?**

Pois a verdade é que hai de todo. Hai xente que ven con moita información, outros que veñen sen ningunha e outros que se deixan asesorar. Pola nosa banda, sempre buscaremos a mellor opción para elas, para poder resaltar a súa feminidade, para ter en conta e por en valor onde se celebrará o evento, pois non é o mesmo facer unha voda civil no campo que unha relixiosa nunha igrexa. Por iso complementar a imaxe da noiva, co vestido, e co día da celebración é o máis importante. E que os días posteriores nos chamen e nos digan que todo foi perfecto, que estivo moi cómoda e que lle encantou o vestido é a nosa maior recompensa.

**Contan que atelier propio?**

Si, o que nos permite facer os arranxos necesarios para coidara e mimar aos nosos clientes, así os traxes sempre están no noso poder.

**Contan con importantes marcas ao longo destes anos.**

Por suposto. Temos provedores que levan confiando en nós 30 anos, isto significa que hai moi



boa relación, moi boa química é unha seriedade absoluta. Contamos con oito firmas de noiva e tres de cabaleiro e todas en exclusiva para a provincia. Ademais temos unha variedade e un mostrario moi amplo tanto de noiva como de noivo e na liña sartorial de xastrería tanto para invitados como para padriños e acompañantes. Tamén ofrecemos a posibilidade de darlle o look total tanto aos noivos como o padriño, pois podemos vestir desde o tocado, o vestido, a roupa interior e zapatos.

**Para rematar, que consello lles daría aos noivos que están buscando o traxe para o seu gran día?**

O primeiro é darlles as nosas felicitacións e despois dicirlles que se centren na súa zona xeográfica, que miren as dúas tendas máis importantes que haxa e sobre todo que se deixen asesorar pois detrás de cada tenda hai un profesional que lle ofrecerá a mellor opción. Por último e tamén é importante e que valoren sobre todo o produto, o servizo e o prezo.





## O Entroido xa ten a súa raíña para o 2023



O Entroido xa ten á súa raíña trala celebración de elección. Así, Uxía Valmayor Forés, resultou ser a elixida na gala que se celebrou no Campo da Cabana.

A gañadora pertence á comparsa Sin Xeito, e xunto a elixida presentáronse outras dúas candidatas, Icíá Fernández Gómez, da comparsa As Faragullas, e Lucía López Lombardero, da comparsa

Maloserá. Polo tanto, o actual Rei, Roberto Gómez, cederá a súa coroa no mes de febreiro a Uxía.

O evento contou cun xurado (cunha valoración cun peso do 40 por cento) e con votación popular (do 60 por cento) e puxéronse á venda as camisetas conmemorativas do evento deseñadas polo artista mariñán Davixino.

## A comparsa local As Faragullas organiza unha cea-baile benéfica

A comparsa As Faragullas de Foz organiza unha cea-baile benéfica en favor da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas o vindeiro 12 de novembro no colexio Martínez Otero ás 21.00 horas.

A entrada ao evento requirirá dunha doazón mínima de 25€ e a recaudación irá destinada á Fegerec. A entrada inclúe un cóctel de benvinda, cea e espectáculo musical con Toxo

Guayaba e Eventec. Ademais, contarán cunha gran cantidade de sorpresas que non decepcionarán aos asistentes. Por outra banda se se quere facer unha doazón pero non se pode asistir, As Faragullas veñen de crear a mesa 0, que terá un custe de 10 euros. En caso de que se queira facer unha doazón maior, haberá que poñerse en contacto coa comparsa para indicar como realizala.

## Comeza o plan de mellora de camiños en parroquias de Foz

Dentro do plan municipal de mellora de viais en parroquias e con cargo a fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Concello de Foz está a proceder á limpeza de cunetas e mellora de firme en Mourente (San Martiño) e nos barrios do Chao e A Folgosa, en Santa Cilla.

O alcalde focego, Fran Cajoto, informa do avance dos traballos: "as obras foron adxudicadas polo procedemento de contrato aberto á empresa Construcciones Cazás SL en 57.838 euros, cunha baixa dun 3 por cento. Nestes momentos estanse a realizar os traballos de limpeza de marxes e cunetas".

O rexedor municipal explica que "se vai a proceder ao afirmado con aglomerado en quente de 570 metros de pista en Mourente, en San Martiño. Completamos con esta actuación un eixo que parte de Xinzo, en Vilaronte, e que conecta a estrada autonómica LU-152 a Ferreira coas provinciais LU-P-2001 á basílica de San Martiño e a LU-P-2009 ao Bispo Santo. Deste xeito, ademais de mellorar o acceso ás vivendas nestes viais, facilitamos un acceso cómodo e alternativo de veciñas e veciños de San Martiño e Vilaronte a Foz a través da estrada do Bispo Santo e, cando estea executado o terceiro acceso a Foz, á variante na zona da Veiga da Sara".



En canto aos viais en Santa Cilla, Fran Cajoto indica: "neste caso imos renovar o firme cun dobre tratamento superficial de rego asfáltico en case 1,5 quilómetros de camiños no Chao e na Folgosa. Trátase de dous viais que empregan a diario moitos veciños e que precisaban un bo arranxo".

O Concello de Foz informa que, unha vez rematadas as limpeza de cunetas e marxes, procederá na vindeira semana ao comezo dos traballos de afirmado se as condicións meteorolóxicas o permiten.

**HUMANIZACIÓN.** O Concello licitou as obras de humanización das rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e Praza de Galicia por un importe de total de 767.720,21 euros (IVE incluído), que son financiadas conxuntamente pola Deputación de

Lugo (544.000 euros) e o Concello de Foz (224.000 euros). O prazo de presentación de ofertas remata o 7 de novembro.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, agradece á Deputación de Lugo e en especial ao presidente, José Tomé, a comprensión e o apoio que demostra cos problemas que ten Foz: "Avanzamos na mobilidade, actuando nunha rúa que é básica para Foz como é a baixada das Casas Baratas. Imos contar con beirarrúas de 2 metros de anchura e pasos de peóns elevados para reducir a velocidade e mellorar a seguridade dos peóns. E levarase a cabo renovación de servizos, nova rede de pluviais e pavimentación, tamén nos viais que conforman a Praza de Galicia. É unha obra prioritaria para conectar o centro urbano coa praia da Rapadoira e o Campo da Cabana".

## O CEIP Número 1 participou na Limpeza Simultánea de Praias



Máis de 30 entidades e de 1000 persoas sumaron os seus esforzos ao longo do litoral galego para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño. Nesta undécima edición da Limpeza Simultánea de Praias retirouse, en total, case unha tonelada de lixo dos nosos areais. Aínda que o tempo non acompañou, non foi impedimento para a maioría das persoas voluntarias realizaren a acción, aínda que algunhas foron canceladas e intentarán facelo ao longo desta

semana. Na Mariña o participante foi o CEIP Plurilingüe Número 1 de Foz e actuou na praia da Rapadoira. Na actividade coordinada por Adega, participaron centros de ensino, asociacións, escolas de surf, particulares de todo o territorio galego, que traballaron de xeito organizado na praia elixida por eles mesmos. De entre o lixo retirado, tiveron moita presenza as cabichas, os paucifios dos ouvido, algunhas máscaras e, como vén sendo habitual restos plásticos.

## O Fondo Nois recolleu un premio do certame das Letras Galegas

O colexio Fondo Nois de Foz xunto co de Seixalbo en Ourense e Julio Gurriarán Canalejas do Barco de Valdeorras recolleron na sede da Real Academia Galega os premios do concurso Contádenos o voso Día das Letras Galegas 2022, convocados pola institución ao abeiro de Primavera das Letras, o proxecto que dirixe ao público infantil.

A académica responsable desta iniciativa e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, foron os encargados de lles entregar aos nenos e nenas dos tres centros educativos os premios que recoñecen os seus traballos sobre Florencio Delgado Gurriarán, o autor ao que a Academia lle rendeu homenaxe o pasado 17 de maio. Víctor F. Freixanes e Fina Casalderey agradecéronlles ás mestras e aos mestres o labor que desenvolven cada día para transmitirles a lingua e a cultura galegas ás novas xeracións.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO  
**MÁSMÓV!L**  
NEGOCIOS

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**



## O Concello segue coas melloras e acondicionamentos do municipio

O Concello de Foz segue co seu traballo de mellora e acondicionamento do municipio e estes días estiveron levando a cabo o pintado de prazas no estacionamento do cemiterio de Foz con cargo a convenio coa Deputación, ou a instalación de marquesiña e suxeitacontenedores en Forxán e outra instalada gracias á petición do Concello na estrada LU-152 Ferreira-Foz á altura do barrio do Chao en Santa Cilla.

Tamén fixeron a construción de base e colocación de novo banco na rúa Valle Inclán, a reposición de sinal en Caritel en San Martiño e a sinalización na praza de Tregastel.

No tocante ás zonas verdes levaron a cabo a limpeza das fontes de Lousa-



da en Fazouro e de Xinzo en Vilaronte, a limpeza de zonas e beirarrúas no parque empresarial en Fazouro con alumnos da Escola Obradoiro, hidrolimpeza no Paseo de Colón na

Rapadoira, e a poda e limpeza na Espiñeira en Vilaronte.

Por outra banda xa están rematadas as fiestras, o alumeado e interiores na reforma do bar dos xubilados.

## O Cinema acolle a mostra 'Galiza un país de festas'

A exposición *Galiza un país de festas. Ritos e festivos singulares*, incluída no programa de Exposicións Itinerantes da Rede Museística do Museo de Lugo, estará en novembro en Foz.

A Concellería de Patrimonio celebra así o Día Internacional do Patrimonio Mundial que se conmemora o 16 de novembro. Trátase de poñer en valor neste caso o patrimonio inmaterial recollido nun Proxecto de salvagarda que durante os últimos anos levou a cabo a Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. Principiou no ano 2007 baixo a coordinación da Asociación Lugo Patrimonio.

A exposición consta de 40 paneis explicativos deste patrimonio inmaterial e estará no Cinema ata o 29 de novembro.

## A focega Nancy Rego ascendeu os 1.754 metros do Jebel Rum



A focega Nancy Rego Rodríguez é unha das cinco mulleres que, tras superar un cancro, ascenderon os 1.754 metros do Jebel Rum, en Xordania. Así, despois de 11 días de viaxe, o martes 3 de novembro ás 7.15 horas chegaron ao cume do Jebel Rum cumprindo a proba máis dura da súa expedición.

Despois de baixar tocou celebración ao grande con tradicións típicas da zona nas que os beduinos agasallaron ás expedicionarias do Reto Pelayo Vida cun baile típico e un té. A continuación visitaron Aqaba, o punto máis ao sur do país, onde se mergullaron a 12 metros de profundidade no mar Vermello.

## A UNED presenta as novas titulacións de Foz

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, recibiu á directora da UNED, Ana Traseira, e presentaron a campaña de matrícula para o curso 2022-23 e as novas titulacións que se impartirán no centro lucense.

Ana Traseira explicou que “este curso imos implantar tres novas titulacións: a de Maxisterio en Educación Infantil, o Grao en Enxeñería da Enerxía e Ciencias Ambientais. A primeira viña sendo demandada de xeito insistente polo alumnado da UNED e por fin podemos ofertarlle aos nosos estudantes de xeito semipresencial, e polo tanto tamén aos do concello de Foz e da área da Mariña. A segunda acaba de ser creada pola UNED e aprobada pola ANECA e esta titulación creo que moi acaída nos momentos de crise enerxética que estamos a vivir e todo este inverno ao que nos temos que enfrontar supón a necesi-

dade de revisar os nosos consumos enerxéticos e os tipos de enerxía que estamos a empregar; así que formar a persoas que poidan profundar nestes aspectos e mellorar o noso aproveitamento enerxético e tamén, polo tanto, diminuír estes problemas que temos coas facturas da luz neste momento é fundamental. Doutra banda dende o ano 2019 estamos a desenvolver un proxecto que se chama Lugo Naturalmente, que traballa en tres eixos e un deles é a loita contra o cambio climático, a posta en valor do noso patrimonio ambiental e, por suposto, tamén o aliñamento da estratexia do centro cos obxectivos de desenvolvemento sostible. Por iso consideramos que a implantación de Ciencias Ambientais é moi positiva para o alumnado da provincia de Lugo e tamén para a sociedade e para o centro asociado”.

## O Goberno local avanza dúas novas iniciativas empresariais

En sendas reunións da Xunta de Goberno Local o Concello de Foz concedeu licencias para a construción dunha nave para a venda e reparación de maquinaria forestal, anexa ao Parque Empresarial de Fazouro, e a para un novo hotel nunha edificación xa existente preto do peirao de Foz

O alcalde, Fran Cajoto, indica que “a construción dunha nova nave para a reparación de maquinaria forestal ten máis de 550.000 euros de orzamento de execución material e preto de 2.500 metros cadrados de superficie edificada e

o novo hotel estará nun edificio existente na rúa Asteleiros. A nave estará ubicada na Granda, anexa ao parque empresarial ao suroeste do polígono de Fazouro e contará cunha nave principal de 81x20 metros e unhas oficinas anexas de 162 metros cadrados de superficie.

O concelleiro de Turismo, Chema Linares, destaca as consecuencias positivas dun novo hotel: “Foz conta con vivendas de uso turístico, pero quizais andabamos escasos de prazas hoteleiras, que ademais se relacionan cun turismo de maior calidade”.





## BREVES

**MERCADO DE NADAL.** A Asociación Proa, Asociación Cultural de Viveiro publicou as bases para participar no Mercado de Nadal A Trastenda de Nicomedes que se celebrará en Viveiro do 20 de decembro ao 4 de xaneiro. O mercado ubícase no Salón Multiusos da Casa do Concello e está organizado pola Asociación Proa, en colaboración co Concello de Viveiro no marco do seu programa de Nadal. As solicitudes deberán ser remitidas antes do 13 de novembro a [proaviveiro@gmail.com](mailto:proaviveiro@gmail.com). Ademais, o mercado contará este ano cun espazo solidario, dedicado á integración social no mundo laboral a cargo de Aspanane, a Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Viveiro. A Trastenda de Nicomedes estará aberta ata o próximo 4 de xaneiro, en horario de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30. Os días 24 e 31 de decembro, pechará as 20.00 horas e o 25 de decembro e 1 de xaneiro terá un horario especial, de 18.00 a 20.00 horas.

**GAIVOTA.** Por cuarto ano consecutivo realizouse o Servizo de Control da gaivota patiamarela no municipio, que tivo lugar entre os meses de maio e de agosto, coincidindo coa tempada de cría. Este servizo foi realizado por unha empresa especializada que conta cos pertinentes permisos da Xunta de Galicia para o control poboacional da gaivota, para a retirada de niños, ovos e polos e a posterior xestión dos mesmos, cumprindo sempre as pautas que marca a Lei de Benestar Animal para este tipo de actuacións. O informe elaborado sulina que xa que se está a consolidar a baixada no número de parellas con respecto a tempada pasada así como un decrecemento das parellas nidificantes.

## A 'Maleta Viaxeira contra a violencia de xénero' inicia o seu percorrido pola provincia

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, presentou no Concello de Viveiro o proxecto *MAVI: a Maleta Viaxeira contra a violencia de xénero*, a nova iniciativa do Goberno que nace para achegar libros de diferentes temáticas relacionadas co feminismo, a igualdade, o empoderamento, a autoestima ou a violencia machista ás veciñas e veciños.

Tal e como indicaba Rodríguez, "trátase de textos que promoven a reflexión, a sensibilización e concienciación sobre temas determinantes para conseguir unha sociedade máis igualitaria e libre de violencias, favorecendo un pensamento crítico ante os estereotipos e roles de xénero que perpetúan estas violencias e desigualdades".

A maleta comeza a súa andadura no

concello mariñán, na que permanecerá un mes, e continuará a súa viaxe nos centros penitenciarios da provincia, centros de información á muller, asociacións de mulleres vítimas de violencia de xénero ou servizos sociais dos municipios que soliciten a maleta para traballar con estes materiais nos seus centros.

Nesta primeira etapa, a maleta conta con doce libros infantís, xuvenís e para adultos, co obxectivo de que non só as mulleres, senón tamén as nenas e mozas poidan formar parte do proxecto.

Explicou que os diferentes Concellos polos que pasará a maleta poden engadir aqueles libros escritos ou protagonizados polas mulleres do municipio, "co obxectivo de visibilizar o talento e as historias das mulleres da nosa provincia".

## Irene Rega gañou o IV Premio de Novela Vilar Ponte

Irene Rega Jul, coa súa obra *Tecendo Redes*, é a gañadora do IV Premio de Novela Vilar Ponte. A segunda praza foi para Francisco Ant. Vidal Blanco, coa súa obra *As cartas do desarrago*. O premio, que cumpre este ano a súa cuarta edición, naceu coa finalidade de lembrar aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e, asemade, apoiar e difundir a literatura en lingua galega.

O xurado desta edición estaba composto por Carlos Nuevo Cal, cronista oficial de Viveiro, profesor e historiador; Eva Mejuto Rial, escritora e

xestora cultural; e María Lado Lariño, escritora.

Na elección das obras finalistas valoráronse diferentes aspectos, como a calidade literaria, a boa narrativa, a temática, a actualidade e frescura na obra, a cohesión das partes da obra e a boa construción da trama.

A gañadora desta edición é Irene Rega Jul, coa obra *Tecendo Redes*. Segundo o xurado, a súa obra "contribúe ao corpus da novela negra galega aportando unha mirada renovadora ás temáticas clásicas do xénero".

## Viveiro acollerá as VI Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima



O Concello, coa colaboración da Federación Española de Actividades Subacuáticas (Fedas), organiza as VI Xornadas Cidade de Viveiro de Historia e Arqueoloxía Marítima, que se celebrarán os días 11, 12 e 13 de novembro. É un mes simbólico na historia marítima de Viveiro, xa que foi o 2 de novembro de 1810 cando a fragata Magdalena afundiou na ría. Durante a presentación do evento, que tivo lugar a alcaldesa, María Loureiro, destacou o nivel dos relatores e asegurou que a xornada xa é unha cita consolidada a nivel nacional e internacional. "É unha das mellores formas de poñer en valor a nosa historia, sempre vencellada ao mar", asegurou.

Segundo explicou a rexedora local, o acto comezará na tarde do venres 11 de novembro coa inauguración dunha exposición sobre os pecios que acompaña a estas sesións. O sábado comezarán as xornadas nas que intervirán unha dúzia de expertos ao longo dos dous días. A mañá

do día 12 estará dedicada a analizar e expoñer os últimos avances da arqueoloxía marítima e pola tarde, despois do xantar, as charlas darán luz sobre algúns aspectos históricos de determinados fitos marítimos, como a circunnavegación do mundo.

O domingo haberá espazo para coñecer, a través de catro conferencias, as peculiaridades dos barrios pesqueiros de Viveiro, a historia dos aparellos pesqueiros en Galicia, os sistemas de defensa do litoral cantábrico galego e a restauración do pecio da Magdalena exposto no Museo da Construción Naval de Ferrol.

As xornadas convertéronse xa nun punto de encontro de arqueólogos, historiadores e afeccionados e conseguiron reunir a case un centenar de asistentes nas últimas edicións. A inscrición nestas xornadas pódese realizar nas páxinas web da UNED – Lugo e Concello de Viveiro.

## Acto para nomear a Adrián Ben fillo predilecto da vila

A casa consistorial acolleu un emotivo acto para nomear ao deportista Adrián Ben, fillo predilecto da vila. O teatro Pastor Díaz recibiu o evento, no que estiveron presentes membros da Corporación Municipal, Adrián Ben e a súa familia, así como veciños e veciñas de Viveiro.

O seu nomeamento como fillo predilecto foi aprobado por unanimidade no pleno da Corporación Municipal. Un recoñecemento aos seus valores humanos e profesionais dunha das grandes figuras do atletismo español, como o demonstra o seu sexto posto no Mundial



de Doha en 2019 e a histórica quinta praza que acadou nos Xogos Olímpicos de Tokio en 2021 na modalidade de 800 metros lisos.

## O PP reclama a limpeza e pintado do Paseo de Covas

O PP reclama a Loureiro a limpeza e pintado das pérgolas e o muro do Paseo de Covas. Óscar Rodríguez, portavoz popular, sinala: "no Paseo de Covas hai cinco pérgolas. O Concello só limpou e pintou unha hai xa algún tempo. É unha pena que teña as pérgolas e o muro do paseo no estado en que se atopan, cheos de sucidade e sen pintar".

Os populares din que, dado o tempo transcorrido do actual mandato, se o goberno local avanza ao mesmo ritmo na mellora das pérgolas, necesitará uns seis anos para completar un traballo que debería estar feito dende hai moitos meses.

DEPILACIÓN con **NUEVO LÁSER DE DIODO** de ULTIMA GENERACIÓN **Milesman**

**Efectividad**  
**PROTECCIÓN para la PIEL**

**SKEYNDOR**  
**Corrective**

**Dermoterapia Centro de Estética**  
Foz  
Cita Previa:  
664 527 486



## Remata o alumeado en Santo Albites e comprometen obras en vías do rural

O Concello de Viveiro informa do remate das obras que se realizaron no alumeado público de Santo Albites e das actuacións de mellora en diversos camiños municipais. Ambas actuacións se recepcionaron esta semana.

A mellora no alumeado público beneficiará a practicamente toda a zona de Santo Albites. O orzamento de contrata desta actuación ascendeu a 92.755,80 € (IVE incluído) e inclúese na subvención do Fondo de Compensación Ambiental.

Esta obra implica un importante reforzo e mellora da eficiencia enerxética desta zona, co súa conseguinte mellora lumínica e aforro enerxético. Tamén remataron as obras de mellora de varios viais de Covas e Vieiro, incluídas dentro da subvención do Agader. Trátase en concreto da pista da Pedreira e da pista Pedreira-Foro, na parroquia de Covas, e das pistas Chousa Vella e da Cova, en Vieiro.

As obras que se realizaron nestes camiños consistiron na mellora do firme existente, ademais da limpeza de cunetas, obras de barrido e limpeza previos do vial, sinalización, etc. O orzamento total ascendeu a 84.502,62 euros.

Por outra banda, o Concello de Vivei-

ro acometerá unha actuación para renovar o firme de varios camiños e ampliar a rede de saneamento no lugar de Brieiro, na parroquia de Faro. Con estas obras vaise actuar sobre varios viais do lugar de Brieiro, concretamente no Camiño do Fultreiro, Camiño da Fatiga e Camiño do Cruz, mellorando a seguridade tanto dos vehículos como dos peóns.

Por outra parte, hai unha actuación prevista para a ampliación da rede de saneamento dun tramo da subida de estrada de Faro a Brieiro, onde tamén se renovará o aglomerado, a sinalización vial e a rede de sumidoiros deteriorados.

O orzamento destes traballos na parroquia de Faro ascende a 51.554,83 euros. Están incluídos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación.

**VARIANTE.** O Concello vén de aclarar, con respecto ás fochancas existentes na zona da Variante, que en base ás necesidades existentes nas zonas dos paseos marítimos de Covas e Viveiro, atendendo á regulación establecida na normativa en materia de Costas e co fin de poder contar coa cesión da propiedade de varios terreos adxacentes a estes pa-

seos (que hoxe en día forman parte do dominio público marítimo terrestre), procedeu á solicitude da regularización da liña interior de ribeira de mar nestes paseos, tendo en conta que perderon as súas características naturais de zona marítimo-terrestre. Este trámite permite a declaración de innecesiedade previa á tramitación da desafectación e posterior cesión ao concello. “Despois de multitude de reunións de traballo e de xestións tanto a nivel provincial como estatal, conseguiuase atopar unha vía de saída aos problemas coñecidos por todos nesa zona”, explica a alcaldesa, María Loureiro.

Ademais de tratarse dun proceso longo, require da intervención de varias administracións pero que, finalmente, vai permitir que o concello conte coa titularidade dos terreos afectados e poida definitivamente proceder ao seu arranxo.

Ao longo deste proceso, ademais da tramitación correspondente, é necesario contar coa conformidade das administracións competentes, como titulares do dominio. Durante todo este tempo, o Concello non cesou no seu intento e esforzo por lograr unha solución, atopándose neste momento na fase final.



## Críticas na rúa Calvario e Pallaregas

A veciñanza da rúa Calvario na Misericordia intervirá no pleno de novembro “con todos o dereitos ao non poder intervir no anterior por presentar a súa solicitude fóra de prazo”, din dende o BNG municipal. Reclaman que teñen “un problema de seguridade pública, sen servizos básicos por mala xestión nun tema urbanístico totalmente subsanable”.

Por outra banda, a veciñanza de Pallaregas está indignada “tras a marcha atrás de Loureiro no arranxo da súa estrada principal. De todos é sabido o mal estado no que se atopan moitas das estradas do Concello que son de titularidade municipal. Un dos casos máis sangrantes dende hai anos é a estrada que vai dente Covas ata á Casería, nas Pallaregas. Unha

estrada con tráfico intenso e que se atopa nun estado lamentable con incontables baches, falta de sinais, cunetas que desbordan auga...”, din os nacionalistas de Viveiro. O arranxo destas dúas estradas, máis outra de Vieiro despois de ser denunciado o seu estado polo BNG, eran para facer de maneira inminente.

**POR VIVEIRO.** O Grupo Municipal de Por Viveiro trasladará unha nova proposta que consiste na mellora da estrada entre Escourido e a praia da Abrela.

Segundo informan os veciños, “a pavimentación da mesma provoca unha desnivel importante entre a calzada e a cuneta, e o trazado non conta con biondas de protección para as posibles saídas de vía”.

**CURSO 2022-2023**  
**Becas de Transporte para Estudiantes**  
 CONCELLO DE ALFOZ

**CURSO DE AUTO DEFENSA para mulleres ANTE SITUACIONES VIOLENTAS**  
 XUNTA DE GALICIA

**NADAL 2022**  
 PARA TODAS AS PARROQUIAS DE ALFOZ  
 SUBVENCIÓN NOMINATIVA DE 300€ PARA CADA PARROQUIA DE ALFOZ PARA ADOORNOS NAVIDEÑOS  
 INFORMACIÓN: 982 558 001 (ext.2)

**SÁBADOS DE NOVIEMBRE**  
 20:30H  
 SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA  
 5 NOVIEMBRE: ITACA "ANACOS"  
 12 NOVIEMBRE: LUME ESCÉNICO "ALBERGUE CASA AMARELO. O MISTERO DA VÍA REXIA"  
 19 NOVIEMBRE: TRÍPODE E AMIGOS "O MURO"  
 26 NOVIEMBRE: COLECTIVO CULTURAL OLLOMAO "O DOCUMENTO"  
 MES DO TEATRO DE ALFOZ

**Mutter.**  
 FILMU  
 FESTIVAL CINE DE MULLERES

**ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS**  
 CONCELLO DE ALFOZ 2023  
 20:00h  
 REUNIÓN COA VECIÑANZA DE ALFOZ

**ACTIVIDADES EN ALFOZ**

**OUTUBRO**  
 21 O Perreito. Escola do Chao  
 28 As Oiras. Escola das Oiras

**NOVIEMBRE**  
 4 Lagoa. Escola da Pregueta  
 11 Carballeiro. O Trece.  
 25 Barco. Escola de Barco

**DECEMBRO**  
 2 Adelan. Escola dos Nomes  
 16 Moa-O Castro Peinado. Salón de Actos





## O Concello cede catro vivendas ao centro social San Aníbal

O alcalde de Burela, Alfredo Llano, o tenente de alcalde, Ramiro Fernández, e a concelleira de Servizos Sociais, Carmela López, visitaron dúas das vivendas cedidas ao centro social San Aníbal.

As obras destas antigas residencias de profesores do colexio da zona dos Castros xa están rematadas; as outras dúas están en obras.

O Concello de Burela cede e acondiciona deste xeito un edificio de catro vivendas, que xestionará o centro de integración para emerxencia social. En concreto, a intención é destinalas a mulleres e familias en risco de vulnerabilidade e á mocidade de entre 18 a 25 anos que precise dunha vivenda transitoria para a súa emancipación.

# Burela destina 33.900 euros ao fomento do deporte

A Delegación de Deportes do Concello de Burela informou tras a Comisión de Deportes da partida de 33.900 euros que se destinará a sete clubs deportivos a través das subvencións de concorrencia competitiva.

A Comisión, integrada polo grupo de goberno e os dous grupos da oposición, deu conta das axudas que se adjudicarán ás entidades en base a criterios obxectivos e técnicos, tales como os méritos deportivos, o número de nenas e nenos que teñen nas Escolas Deportivas, o fomento da igualdade ou a colaboración na realización de eventos en Burela, indicadores que foron consensuados no seu día cos clubs.

En concreto, o Club de Padel recibirá 1224,32 euros; Veteranos SDB 1530,40 euros; Club Tennis A Marosa 1836,48 euros; Club Baloncesto Bu-



rela 8034,60 euros; Sociedade Deportiva Porto Burela 4591,20 euros; Sociedade Deportiva Burela 4973,80 euros; e o Club Deportivo Burela FS 11707,56 euros.

O edil de Deportes, Ramiro Fernández, puxo de manifesto "o incremento gradual de case un 60% desta partida nos últimos sete anos, pasado

de destinar 13.100 euros aos 33.990 euros actuais". Así mesmo, destacou "a puntuación obxectiva que se outorga aos clubs grazas aos criterios acordados cos mesmos, fuxindo de criterios políticos ou subxectivos e actuando con total transparencia, contando tamén coa participación dos grupos da oposición".

## Convocan a sétima Festa da Castaña para o 12 de novembro

A Delegación de Cultura, Educación e Xuventude – Concello de Burela organiza a 7ª Festa da Castaña que terá lugar na Praza da Mariña o sábado 12 de novembro coa colaboración dos asadores da Sociedade Cultural Recreativa Leticia, do BoasMigas, do Restaurante O Sargo, da A.C.M. Dámbara e da ACIA Burela.

De 17:00 a 20:00 horas haberá un Obradoiro de Confección de Zonchos e Chapas. As inscricións poden facerse presencialmente na Oficina de Medioambiente sita na Antiga Praza de Abastos ou telefónicamente chamando ao 647 136673.

Ás 19:00 horas comezará o reparto de cornetes de castañas, bolos preñados e viño por 2'5 euros. Ás 19:30 horas o contacontos Anxo Moure representará o espectáculo "Un castiñeiro con botas. Unha árbore ven a vernos". Ás 20:30 horas gozaremos de música tradicional a cargo da A.C.M. Dámbara e ás 21:00 horas será o sorteo dun vale de 25 euros no BoasMigas, dunha comida para 2 persoas no Restaurante O Sargo e de varios vales da ACIA Burela.

## O PP critica a falta de accesos polas obras en Rosalía de Castro



Os populares de Burela condenan que "o goberno do señor Llano non tivese adoptado medidas para facilitar o acceso ás vivendas e negocios da rúa Rosalía de Castro en condicións de seguridade dende o momento do inicio das obras que promove á altura do parque".

O voceiro, Manuel Rouco, sinala que "o alcalde recibiu esta semana aos comerciantes afectados polas obras despois de que eles mesmos solicitaran unha reunión porque, a pesar de que pasa pola zona tódolos días, aínda non se dignara a falar con eles; a pesar das numerosas queixas pú-

blicas dos propietarios de comercios, negocios e veciños e veciñas que temos trasladado tamén dende o Grupo Municipal Popular".

"A pesar de que estas medidas chegan tarde porque tiñan que estar en marcha dende o mesmo inicio das obras"; o popular agarda que "o alcalde cumpra co que lles prometeu agora: variar o sentido de circulación na rúa de Nosa Señora do Carme e facilitar o acceso para os veciños dos edificios lindeiros á obra con estruturas de acceso aos portais e aos comercios; ademais da presenza da policía local".

## Unha alumna do IES Monte Castelo, recoñecida pola súa excelencia en 2º de Bacharelato

Unha alumna burelá ven de ser recoñecida co premio extraordinarios que concede o Goberno galego a súa excelencia en 2º curso de Bacharelato no curso 2021/22. O obxectivo deste galardón é valorar os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo dos estudantes que remataron esta etapa educativa cun sobresaínte resultado académico.

Así, a alumna recoñecida foi Alba Geada Bernal do IES Monte Castelo de Burela. Nesta ocasión tamén recoñeceron a Antía Castro Díaz do IES Lucus Augusti de Lugo. Cada un



dos galardoados recibe un premio económico de 1.000€ e un diploma acreditativo. Ademais, farase constar nas certificacións académicas.



**LYCÉE RENÉE DESCARTES.** O alcalde, Alfredo Llano, recibiu ao alumnado do Lycée Renée Descartes, que se atopa de intercambio co IES Perdouro. O rexedor deu unhas palabras de benvida aos rapaces e rapazas que veñen desde Rennes, a capital da Bretaña francesa.



**CURSO 2022/2023**  
Foz y Lourenzá  
Reservar tu plaza para el nuevo curso  
...where English is fun!



SCAN ME

Reserva ahora!

982 103 377

605 738 247

www.docklandsacademy.es



## O Concello de Burela adxudica o SAF e amplía os seus servizos

O Concello vén de adxudicar o contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ao que destinará unha partida de 616.252 euros na modalidade de dependencia. Así o ratificaron na sesión plenaria celebrada pola corporación municipal. O financiamento é asumido a nivel municipal, autonómico e polos propios usuarios. Así, o Concello financia un 30% do custe do servizo, asumindo o 60% a Xunta de Galicia por ser este un servizo da súa competencia, e un 10% polos propios usuarios.

Actualmente estanse atendendo a un total de 75 persoas no programa de dependencia, 28 das cales reciben este servizo as fins de semana. No programa de libre concorrencia, financiado integramente pola Deputación de Lugo, son outras 28 as per-

soas atendidas.

Traballan no Servizo de Axuda no Fogar 29 auxiliares que cubren un total de 35.000 horas, incluíndo as fins de semana. Ademais, tamén se realizarán sesións de fisioterapia, podoloxía e perruquería a domicilio, incluídas neste contrato.

A concellería de Servizos Sociais, Carmela López, destacou a importancia “deste servizo fundamental para moitas familias con persoas dependentes, que contan con profesionais nos seus domicilios para a atención e coidado das súas necesidades”. Nesta liña, subliñou “o esforzo das administracións por coordinar e financiar o SAF”, afirmando que “a adxudicación deste contrato vese reforzado coa mellora dos servizos de perruquería, podoloxía e fisioterapia a do-

micio, entre outros, que melloran a calidade do servizo e o benestar dos seus destinatarios e destinatarias”.

A xestión municipal do programa de Dependencia do Servizo de Axuda no Fogar require de seguementos bimensuais no domicilio dos dependentes, así como a xestión de solicitudes de cambio nos horarios, reorganización por baixas das auxiliares ou presentación de auxiliares nos domicilios, “un traballo realizado por persoal dun xeito rigoroso e facendo un esforzo continuo e permanente pola atención das persoas usuarias e as súas familias”, comentou López, engadindo que “para este goberno as políticas sociais son un dos eixos fundamentais, especialmente aquelas que dan resposta a necesidades de colectivos vulnerables”.

### Mario Pillado será o candidato do BNG

O BNG anuncia a Mario Pillado Mon como candidato á alcaldía para as eleccións municipais de maio de 2023. Así o decidiu a asemblea local e foi ratificado polo consello comarcal da organización nacionalista.

Mario Pillado, de 38 anos, enxeñeiro químico e monitor deportivo, actual portavoz municipal do BNG na corporación, conta cunha ampla experiencia no eido da política municipal e caracterízase polo rigor no seu traballo diario así como pola fluída interlocución que mantén cos diferentes colectivos e sectores sociais. “O BNG presentará unha proposta forte para que en Burela se produza o cambio necesario que dá solución ao atraso que un concello de referencia como é Burela vén sufrindo nos últimos anos”, din.



**VÍDEOS SOCIAIS.** O Concello de Burela continúa a través da súa Delegación de Servizos Sociais a promoción do tecido asociativo coa gravación de pequenos vídeos que se irán difundindo nas súas canles oficiais. Nesta ocasión, e coincidindo coa semana na que se conmemora o Día Internacional da Loita contra o Cancro de Mama, a visita realizouse á Asociación Esperanza contra o Cancro de Burela. Desde a entidade explicaron as súas orixes e o motivo fundamental que os levou a asociarse, co fin de dar apoio ás persoas afectadas polo cancro, aglutinando a este colectivo, dando soporte ás familias e sensibilizando ao redor desta enfermidade oncolóxica.

## Abre a inscrición do rastro solidario de Nadal

O Concello anuncia a través da súa Delegación de Cultura que xa está aberto o período de inscrición para participar no rastro popular de Nadal destinado a asociacións sen ánimo de lucro. O rastro celebrarase na Praza de Abastos o sábado 17 e domingo 18 de decembro, en horario de 10 a 20 horas ininterrompidamente ambos días. Poderán participar no mesmo todas as asociacións de Burela que non teñan fins lucrativos. As entidades interesadas poderán anotarse na Casa da Xuventude, ou ben chamando ao teléfono 982 58 01 41, deixando constancia do nome da asociación, unha persoa responsable e o contacto.

O prazo rematará o 1 de decembro, momento no que se concretará o número de asociacións participantes

e as ubicacións dentro da Praza de Abastos. O Concello proporcionará unha mesa a cada unha onde colocar aqueles produtos que queiran vender para recadar fondos que lles permitan sufragar os gastos das súas respectivas asociacións.

O edil de Cultura, Jose Díaz, animou a participar nesta iniciativa “beneficiosa para todos, por unha banda para que as asociacións locais podan promocionar a súa actividade e sacar beneficio para continuar traballando, e por outra banda para todo o pobo, que poderá coñecer o tecido asociativo e facerse cos produtos que ofrecerán”. Así mesmo, adiantou que “buscaremos algún aditivo como unha actuación musical ou algunha outra cousa que faga máis atractivo o rastro”.

## A I Andaina Solidaria contra a Violencia de Xénero será o día 20

A I Andaina Solidaria contra a Violencia de Xénero de Burela será o día 20 26 Outubro, 2022

O Centro de Información á Muller (CIM) e a Delegación de Muller e Igualdade do Concello de Burela organizan a I Andaina Solidaria contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Asociación Pasada das Cabras e o Grupo de Participación Xuvenil.

A iniciativa solidaria terá lugar o domingo 20 de novembro ás 10 da mañá, realizando un percorrido de 7 quilómetros con saída e chegada na Praza do Concello de Burela.

Poderase colaborar aportando un quilo/litro de alimento non perecedoiro ou ben produtos de hixiene que se recollerán o día da andaina.

A concelleira de Muller e Igualdade,



M<sup>a</sup> Noelia Ben, convidou a toda a veciñanza a participar para “rexeitar a violencia de xénero na nosa sociedade e sumar esforzos en favor da igualdade entre os sexos e a non discriminación ás nenas e ás mulleres en todos os ámbitos da súa vida”.



# VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES  
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS  
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES  
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES  
CAPITULACIONES PATRIMONIALES  
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

📱 veiguelabogados 🌐 veiguela abogados





## Ante as queixas, o PP pide a colocación de cámaras de vixilancia

Ante as queixas dos veciños o PP propón a colocación de cámaras de vixilancia e a coordinación dos axentes de seguridade ante o aumento de graffitis na vila.

“O aumento de graffitis nas fachadas dos edificios é unha realidade”, por iso o grupo propón “como xa se fizo noutros plenos” a colocación de cámaras de vixilancia que cumpira a normativa vixente e a coordinación entre os axentes dos corpos de seguridade do estado e do Concello para paliar este problema. A vicevoceira, Elena Sierra, asegura que os veciños están fartos da presenza de graffitis nas fachadas dos edificios. Segundo di, ante a problemática acuden ao concello en bus-

ca de solucións e “o alcalde bótaos sen escoitalos”.

Neste sentido, explican que son os veciños teñen que “pintar e repintar e volver a pintar” e o goberno non aporta ningunha solución pero “Como van aportar solucións se nunha situación de total abandono os edificios públicos?”.

A popular recalca o mal estado en xeral dos edificios privados e os espazos públicos. “Preocúpalles máis a oposición que solucionar os problemas de Ribadeo, dalles totalmente igual o estado de abandono do auditorio, a casa da Ría, a ponte de San Damián, a contorna dos centros educativos, así como os distintos parques da vila” di Sierra.

## Costas comprométese co proxecto da praia do Cargadoiro

O proxecto de recalce e estabilización da escaleira de baixada á praia do Cargadoiro suporá un investimento de máis de 47.000 euros. O alcalde, Fernando Suárez, valora de xeito positivo o compromiso do Servizo de Costas e agarda que para a vindeira campaña estival ese areal tamén sexa unha opción posible e segura para os bañistas de Ribadeo.

As obras de recalce e estabilización da escaleira de acceso á praia supoñen un orzamento de 47.800 euros e cun prazo de execución máximo de dous meses desde a súa adxudicación á mellor oferta. Así que esperase que na seguinte temporada estival a praia do Cargadoiro tamén sexa unha opción posible e segura para os bañistas de Ribadeo.

## Sinalizados os tendidos eléctricos de alta tensión na ría de Ribadeo

Xa foron sinalizados os tendidos eléctricos de alta tensión que sobrevoan a desembocadura do río Grande na ría de Ribadeo. “Apréciase visualmente que agora os fíos eléctricos teñen colocados esferas de cor para maior visibilidade dos posibles navegantes que o fagan por este espazo”, din dende o Concello ribadense.

O alcalde lembrou que “logo do accidente mortal rexistrado o pasado 28 de agosto, onde un rapaz tripulante dunha embarcación de vela latina viuse afectado por unha descarga eléctrica ao atoparse nas proximidades dun tendido de alta tensión, enviamos desde o Concello unha serie de escritos ás diferentes institucións con posibles competencias nese ámbito, xa que o Concello non ten competencias na lámina de



auga. Destes varios escritos fomos recibindo resposta de dúas delas: da Capitanía Marítima e da empresa eléctrica Begasa. A primeira delas comunicounos as varias xestións que fixera, especialmente coa compañía eléctrica. Pola súa banda, a compañía eléctrica Begasa maniféstanos que cumpren de xeito estrito coas

especificacións técnicas contempladas na normativa aplicable e que na actualidade non existe ningunha normativa que atribúa ás empresas propietarias de liñas aéreas responsabilidades ou competencias en materia de balizamento para sinalizar a existencia de tendidos eléctricos a navegantes”.

## Aberto o prazo para o Mercado de Nadal

Volve un ano máis o Mercado de Nadal, que se desenvolverá os días 7, 8, 9, 10 e 11 de decembro de 2022. O horario de apertura do mercado será de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 horas. O día 7 de decembro, o horario será unicamente de tarde 17.00 a 21.00 horas.

O mercadillo de Nadal de Ribadeo quere ser un espazo de oportunidade para as persoas profesionais relacionadas coa artesanía, deseño e creación, así como para as persoas produtoras, dando visibilidade ao seu traballo e ao talento creativo e innovador. Está especialmente dirixido a produtores e creadores da zona.

Para participar será necesario ser artesán con capacidade para exhibir e vender pezas que sexan producidos de forma artesanal e sexan

de autoría propia. Tamén poderán participar produtos de alimentación e gastronomía artesanal.

Así mesmo tamén poden participar persoas creadoras, artistas pola súa vertente de creatividade e deseño; artistas plásticos, gráficos, dixitais, xoguets e moda que teñan capacidade para exhibir e vender pezas suficientes e que a creación sexa autoría propia e a distribución sexa a pequena escala.

O Concello establecerá un prezo 150 euros pola participación de cada persoa solicitante e caseta e o prazo para presentar a solicitude estará aberto ata o 1 de novembro. O prazo para a solicitude de participación estará aberto ata o 11 de novembro, con carácter xeral, ata o ás 14.00 horas no Concello ou na Sede Electrónica.

## Comezan as obras para unha nova senda costeira

O Concello está a crear unha senda costeira entre a praia de Rochas Brancas e a depuradora nova en Vilaselán e un treito mais en Piñeira, na zona de Areosa. Deste xeito procede a ampliar varios treitos do Camiño Natural do Cantábrico.

En total vaise actuar en 8,6 hectáreas nas zonas costeiras das parroquias de Vilaselán e Piñeira e ampliárase en 1,7 quilómetros o Camiño do Cantábrico, posto que este sendeiro costeiro non estaba unificado xa que ás veces había que ir pola estrada asfaltada. Agora, o Concello creará unha senda costeira desde Rochas Brancas ata despois da depuradora nova de Vilaselán e un treito mais en Piñeira, na zona de Areosa.

Para levar a cabo este proxecto solicitaron unha subvención de 77.370 euros á Reserva de Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón.

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



## A EMMeD comeza o novo curso con 371 alumnos

A Escola Municipal de Música e Danza (EMMeD) de Ribadeo vén de iniciar o curso 2022/2023 con 371 alumnos e alumnas matriculados, unha cifra superior con respecto ao curso pasado, e que fai da EMMeD de Ribadeo o centro destas características con maior número de persoas matriculadas na comarca da Mariña e no Occidente asturiano.

O claustro docente da EMMeD de Ribadeo estará formado por 13 profesores e profesoras, un por cada unha das disciplinas que oferta o centro, o que garante que o alumnado disporá dunha "atención especializada en cada unha das materias que imparte a Escola", segundo apunta Hugo García Presno, responsable da EMMeD de Ribadeo.

Neste novo curso o centro comeza coa vontade de estar presente na vida comunitaria e asociativa de Ribadeo na medida do posible. García Presno indicou que "neste curso recuperaremos algunhas das actividades que habitualmente faciamos antes da pandemia, para mostrar o traballo do alumnado e profesorado ao longo do ano e dar visibilidade ao centro".

## A veciñanza critica o estado no que se atopan as infraestruturas da vila

A veciñanza de Ribadeo vén de queixarse do estado no que se atopan varias infraestruturas da vila e neste caso en concreto da falta de asfaltado nalgúns rúas.

"Desde o 2005 segue sen asfaltar un anaco de camiño na rúa de Rafael Fernández Cardoso", din os veciños, "di a Alcaldía que é privado, pero está aberto ao tráfico, ou sexa que é da súa competencia". Segundo a veciñanza "de ser un tramo privado debiera estar pechado ao público e se houbera un accidente sería entón competencia do Concello".

Falan tamén da falta da varanda da Aduana Vella, pois leva algún tempo sen parte dela o que podería ocasionar un accidente. Outra parte da veciñanza engade que o "arranzara que comprou o edificio, e vendo como está a Torre dos Moreno Ulloa, vai para moito tempo".

Recentemente informouse de que o edificio da Aduana Vella converterase nun hotel de catro estrelas con 30 habitacións con vistas á ría de Ribadeo. E desenvolverase nunha superficie de mil metros cadrados, que inclúe xardíns e achegará todos os servizos necesarios para lograr unha experiencia única.



**APARCADOIROS.** Veciños veñen de reclamar melloras nos aparcadoiros da vila pois segundo explican, "Ribadeo só conta cun único aparcadoiro decente que foi feito na época do goberno do PP". Segundo din, "o alcalde leva 12 anos á fronte do noso Concello, e só conseguiu como aparcadoiros uns solares prestados que dá pena velos, máis cando chove".

A veciñanza relata que os aparcadoiros "que deixará o alcalde de Ribadeo na súa lexislatura son o da rúa de Rosalía de Castro, o da rúa Ramón González e o da rúa do Pipelo", din, "este último por riba conta cunha gran pendente polo que cando chove, o barro que ten a saburra baixa á rúa arrastrado pola auga e deixándoo nunhas pésimas condicións".

## Rematan as obras da área recreativa da Vilavella

Remataron as obras de acondicionamento e mellora da área recreativa da Vilavella onde se recuperou e ampliou o espazo verde grazas a unha achega do Goberno autonómico.

A ampliación do espazo verde levou a cabo no que antes ocupaba a antiga estrada que daba acceso ao núcleo urbano, e creouse unha zona de lecer e de descanso, que contará cun miradoiro, con bancos, mesas, aparcabicis e paneis informativos.

Con estas actuacións acondiciónase este espazo para convertelo nunha área recreativa de fácil acceso a pé ou en vehículo, e que sirva de zona de descanso ou de paso cara a ruta do Muíño das Aceas dentro do Camiño Natural do Cantábrico que percorre toda a costa.

Grazas á axuda orzamentaria da Xunta de Galicia as actuacións que se levaron a cabo na área contaron coa eliminación do impacto paisaxístico negativo, o asfaltado dun treiro que está en desuso. Por outra banda, procedeuse á eliminación dos eucaliptos na marxe da ría de Ribadeo e á plantación de árbores autóctonas. Ademais, dentro dos traballos tamén está a mellora da iluminación reducindo a contaminación lumínica.

*Hijos de  
Ramón Rubal*

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



## Xa hai gañadores do VIII Concurso de Fotografía Medioambiental

O Concello de Xove, a través da Concellería de Medioambiente, convocou a comezos do verán o VIII Concurso de Fotografía Medioambiental Xove, a súa costa e o seu mar. A idea básica deste Concurso é a de potenciar a participación cidadá na protección do medioambiente.

Dentro do concurso existiu unha única categoría e o xurado, composto polo fotógrafo xovense Santos Cordovilla e un fotógrafo de prensa, foron os encargados de agasallar aos gañadores.

Así, o primeiro premio valorado en 120 euros foi para David Mariño Bouza coa obra Playa de Reboeira; o segundo de 100 euros foi para Antonio Herrera Huerta coa obra Rescate en Sarón, o terceiro de 90 euros acadouno Germán Paleo Navarro coa obra Néboa no Roncadoiro, o cuarto valorado en 75 euros conseguíuno María Isabel Pérez Martínez co Solpor dende Morás e o derradeiro de 65 euros foi para José Manuel Arroyo Gimeno coa obra Faro de Roncadoira.

## Gran éxito do curso de escaparatismo local



O Concello acolleu un curso de escaparatismo en galego non sexista impartido por Jesús Atadel, de El Chipe. Esta formación de carácter eminentemente práctico, na que participaron 10 persoas pertencentes a establecementos locais, traballaron a maneira de colocar o seu produto de forma orixinal, creativa e innovadora procurando chamar a atención da clientela, así como a adaptación do escaparate a cada tempada.

O obxectivo final foi dar ferramentas para crear as condicións propicias para que o comercio local cumpra a súa responsabilidade: ser

atractivo e poñer en valor e á vista as fortalezas coas que conta.

Ademais estiveron a artellar o desenvolvemento dunha campaña conxunta de promoción dun Nadal en galego, no que o idioma teña un papel central. Por outra banda, fomentouse o emprego do idioma galego non sexista tanto durante o obradoiro coma nas relacións comerciais diarias e o alumnado xa está a artellar ideas para o desenvolvemento dunha campaña denominada Nadal en galego que reflicta desde os escaparates comerciais do municipio o importante papel do idioma e o apoio mutuo.

## Xove instala o servizo telefónico Liña Verde

O Concello de Xove é consciente da necesidade de construír unha nova Administración que de facilidades aos seus cidadáns; unha nova administración menos burocrática, máis próxima e máis participativa. Por iso da un paso cara adiante e poñe á disposición da veciñanza unha nova ferramenta coa que poder xestionar incidencias e danos no equipamento urbano, en calquera momento, dunha forma fácil e rápida.

Para poder utilizar este novo servizo é necesario proceder á descarga da APP Liña Verde. Para iso, o/a usuario/a accede a Google Play ou APP Store en función da tecnoloxía empregada no seu Smartphone (Android/ iOS).

Unha vez localizada, leva a cabo a descarga de forma gratuíta. A partir dese momento, o usuario selecciona o municipio sobre o que quere comunicar a incidencia. O procedemento é moi rápido e sinxelo.

Para comunicar unha incidencia, basta con picar sobre o botón Nova Incidencia. Un despregable coas diferentes tipoloxías de incidencias aparece en pantalla. O usuario selecciona aquela sobre a que quere comunicar. De forma automática, a APP detecta as coordenadas exactas nas que se sitúa o dano. O seguinte paso é achegar unha foto da inciden-

cia e observación sobre a mesma. Xa só queda dar ó botón de enviar. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe notificación do dano comunicado.

A partir deste intre, inicianse os trámites para dar solución á incidencia detectada. O cidadán á súa vez, recibe notificación no seu teléfono móbil sempre que se produza un cambio no estado da mesma.

A través de Liña Verde, o usuario tamén pode expor calquera consulta ambiental. Basta con seleccionar a opción de Fai a túa consulta. Nun prazo máximo de 24 horas terá resposta por parte dun equipo de expertos na materia de forma completamente gratuíta.

Ao servizo Liña Verde tamén se pode acceder a través do dominio [www.lineaverdedexove.es](http://www.lineaverdedexove.es). Ademais de comunicar unha incidencia ou expor unha consulta, o usuario dispón dun amplo contido de consulta ambiental. Liña Verde tamén ofrece os seus servizos a través de contacto telefónico no número 902 193 768 en horario de 8.00 horas a 17.00 horas (custo da chamada 0,07 €/min).

Outra das posibilidades que ofrece esta ferramenta é o envío de comunicacións informativas por parte do Concello aos cidadáns que así o desexen.

## trabada

## O PSOE pide que se poña a cuarta dose da vacina a maiores nos centros de saúde

O Grupo Municipal Socialista local reclama ao Sergas que administre a cuarta dose da vacina da COVID-19 ás persoas maiores de 80 anos nos centros de saúde ou nos puntos de atención continuada de referencia.

O pleno municipal aprobou unha moción presentada polo PSOE para reclamar á Xunta o cambio da estratexia de vacinación, que supón un importante trastorno e custo para as persoas maiores.

O Servizo Galego de Saúde (Sergas) decidiu centralizar o subministro da cuarta dose da vacina da covid-19 para maiores de 85 anos no HULA, no Hospital da Mariña e no Hospital Comarcal de Monforte. Esta situación difire da estratexia doutras campañas de vacinación, onde as persoas maiores acudiron ao seu centro de saúde e PAC de referencia. "Obrigábase aos nosos maiores a realizar un longo desprazamento de ida e volta para poder vacinarse. Isto supón un trastorno innecesario para os maiores e as súas familias, que os deben acompañar a recibir á vacina.

## Trabada contará cos Ciclos Teatrais Mensuais

O Concello de Trabada anuncia o inicio dos Ciclos Teatrais Mensuais, que proporán unha representación teatral cada mes na casa da cultura. Deste modo, o primeiro sábado de cada mes, entre novembro e xuño de 2023, os veciños e veciñas poderán gozar dunha obra de teatro distinta.

"Dende o Concello damos continuidade a esta iniciativa cultural e confiamos no seu éxito, como xa pasou noutras edicións", sinala Mayra García Bermúdez, alcaldesa de Trabada.

O programa comezará o próximo sábado 5 de novembro, coa obra Tres do grupo El Cioyo. Todas as representacións son gratúitas e comezarán ás 21:00 horas na Casa da Cultura.

En decembro será a quenda do grupo Axoueres de Vilaronte, con Cousas de Mulleres, mentres que en xaneiro o colectivo Remocicarte representará El Crédito. En febreiro, a cidadanía poderá gozar de O Covid do Mariñán, do grupo



O Bordelo de Cervo.

Para marzo propónse O misterio da Vía Rexia, de Lume escénico, mentres que en abril tocará O Muro, do grupo Trílope. A obra Marina Club, de A Adala de Farozouro, e A morte Morrída, do grupo O Centiño, pecharán o ciclo nos meses de maio e xuño respectivamente.

## Saiñas organiza a XV Festa do Lacón e Foliada da Mariña

A Asociación Cultural Saiñas de Xove organiza para o vindeiro sábado 19 de novembro unha nova edición da Festa do Lacón e Foliada da Mariña.

Esta cita, que chega a súa décimo quinta edición, será a partir das 17.00 horas comezarán os obradoiros infantís e desde as 20.30 horas os presentes poderán degustar no pavillón municipal un delicioso menú composto por sopa, lacón, patacas, chourizos, pan e bebida e con chokolatada incluída.

Durante a xornada haberá sorteos dunha estancia nun hotel con spa e mariscada para dúas persoas no Restaurante Louzao.

A partir das 22.30 horas será a quenda da foliada a cargo de Cordenaia de Cervo, Os Do 21 do Vicedo e os Gaiteiros e Pandereteiras de Saiñas de Xove. Aínda faltan grupos por concretar.

O prezo do menú é de 10 euros e 9 se os tickets da festa adquirense en venda anticipada. Pódense mercar en Estética Marta, na pizzería Onde Sempre, no bar La Cívica e na polba-



ría O Refugio.

**FESTIVAL DE CINE.** A aula de formación do Concello de Xove acolle dentro das actividades do 25N a iniciativa Festival Cine de Mulleres. Nesta cita poderase desfrutar de dúas películas.

Neste festival poderase ver o venres 11 de novembro ás 19.30 horas a película Julia e o sábado 12 El Secreto de las abejas. Acto seguido haberá un coloquio nun formato de cineforum co Observatorio da Mariña pola Igualdade.



# “Ninguén fixo nada grande só. É importante a unión”

A Asociación de San Román do Vicedo fala das súas inxedanzas

## Que é AV San Román do Vicedo?

Somos unha asociación de veciños que naceu en outubro de 2018. A idea de asociacionismo xurdiu dos paseos matutinos dominicais entre algúns dos veciños. Aínda que hai na parroquia unha asociación de Mulleres Rurais, as cales realizan algunha actividade, parte dos socios da devandita asociación non pertencían á parroquia e non compartían as mesmas necesidades e demandas. Co que había un oco para cubrir. Era a de ter unha soa voz á hora de expoñer os nosos problemas como veciños cara as distintas administracións, arrimar o ombreiro co Concello no que puidésemos colaborar dentro das nosas posibilidades, achegar o noso gran de area para dinamizar a parroquia e, sobre todo, volver recuperar o que lembramos da nosa mocidade. Cando eramos pequenos, os veciños axudábanse entre si, ou para recoller as patacas, o trigo e o millo; e sempre se acababa compartindo un mantel no campo. Agora todo iso abandonouse e como consecuencia perdeuse.

## Quen forma a directiva?

Somos os integrantes de dúas casas. As nosas idades van desde os 40 a 48 anos. Somos relativamente novos e decidimos vivir no rural despois de estar, algún de nós, fóra moitos anos. En maior ou menor medida, nacemento aquí ou tivemos un contacto moi estreito desde nenos co pobo. De presidente está Rubén Rábade, de tesoureira Maribel Rodríguez e de secretario Martín Pena.

## Dende cando se atopa na presidencia?

Estamos desde os seus inicios, e este ano teremos eleccións na asociación e encantaríanos que unha nova directiva tome as rendas ou que se incorporen caras novas á mesma. Non se pode perpetuar un nos cargos. Como anécdota dicir que temos un grupo de WhatsApp moi participativo que funciona bastante ben; soamente tratamos temas da asociación e que nos incumben. Sinceramente, os socios están a responder excelentemente.

## Cantos membros son?

Neste momento pasamos da corentena de socios.

## Que actividades fan?

Facemos bingos, funcións de teatro, de maxia, espectáculos para nenos, recentemente tivemos cinema e non podemos esquecer das nosas xuntanzas veciñais. En definitiva, calquera actividade que sexa de utilidade para os veciños. Ao final tamén se está realizando unha función social. Veciños maiores de 80 anos poden pasar un intre divertido e saír das súas casas que doutro xeito non o farían. Reúnense, falan, bailan, ríen, en definitiva, distráense e todo sen saír da parroquia.

## Contan con apoio municipal para as actividades?

Si, o Concello adóitanos conceder unha subvención, pero soamente para actividades culturais, que nos últimos anos ascende a un máximo de 1400 euros. Pero hai que aclarar que soamente é para actividades culturais. Está claro que non é o mesmo facer cultura nun pobo de 200 habitantes e con veciños onde a

maioría son maiores de 80 anos que facelo nunha cidade. Nesa subvención hai que adiantar primeiro o diñeiro, realizar o gasto e logo entra o criterio de que cho aproben ou non. Lembro o ano que tivemos problemas para xustificar un computador que non puxeramos na memoria inicial no principio do ano. Un computador, que por mor da pandemia, case todos os trámites, en especial coa Deputación e a Xunta, solicitá-bannos facelo con Certificado Dixital.

## Pero existe boa relación, non?

Sinceramente, temos moi boa relación e comunicación co encargado da casa da cultura. Hai que agradecer a súa dispoñibilidade, xa que podemos utilizar as instalacións practicamente cando as necesitamos. Lamentamos que nin a concelleira de cultura nin o tenente alcalde da nosa parroquia asistan a algunha actividade que organizamos. Por outra banda, cremos que non se valora a todas as asociacións por igual. Non é o mesmo realizar unhas seis actividades ao ano con esa mesma cantidade de diñeiro que outra asociación realice só unha ao ano. O devandito anteriormente, non só é cultura. É unha función social e de dinamización da zona.

## Que necesidades ten a asociación ou o pobo?

Por exemplo no tocante ao alumead público pois estamos escasos neste aspecto. Xa llo fixemos saber ao Concello; pero, non entendemos cal é o criterio de instalar nalgúns sitios e nalgúns lugares varias luces públicas, e noutros lugares non. No colexio do Vicedo temos algúns pro-



blemas para conciliar horarios. O cole empeza ás 10.00 e é moi tarde para conciliar co horario laboral dos pais e ao final eses veciños levan ao neno a Viveiro.

Tamén fai falla rozar as leiras, asfaltar as pistas e mantelas en boas condicións, ou mellorar a sinalización dos distintos lugares das parroquias xa que os carteis indicadores atópanse na súa maioría rotos, oxidados, engulidos pola maleza ou son inexistentes. Non podemos tampouco esquecer do problema que temos coas cartas certificadas pois a oficina de correos do Vicedo só abre de luns a venres de 12.30 a 13.30, co que ou perdes un día de traballo ou esa carta vai devolta. E xa para rematar botamos de menos reunións periódicas co Concello para escoitar as demandas dos veciños.

## Que é o máis importante que conseguiu a asociación?

Cremos que se viu na pandemia. Sempre estábamos todos os veciños dispoñibles para axudarnos no que fixese falta. Á xente maior, os que estaban só ou tiñan a familia lonxe; ofrecémonos para ir comprarlles ao supermercado, estar atentos se lles pasaba algo ou se non saían de casa, ou o que fixese falta. Estivemos moi

pendentes deles. Somos conscientes que estamos no rural, debemos apoiarnos entre nós, arrimar o ombreiro e facer equipo.

## Que novos proxectos teñen de cara ao futuro?

Pois practicamente seguir coa mesma filosofía. Estas cousas levan o seu tempo e é un traballo de formiguiña durante anos.

## Estades a levar a cabo algunha medida para atraer a xente nova?

Encantaríanos que a xente nova se unise así poderíamos facer máis cousas, tanto actividades para os novos como para os maiores. O problema é, que hai pouca xente nova na parroquia; e a que hai, por motivos de traballo ou porque non poden ou queren, non temos moito apoio deles. Custa moito organizar todo, moito tempo investido; pero, senón o facemos seríamos como moitas outras parroquias mortas. Cada un na súa casa e sen ningunha actividade que facer, e non desexamos iso. Ademais, existe moi pouco asociacionismo e é como o dito africano: “Se queres ir rápido viaxa só, pero se queres ir lonxe viaxa en grupo.” Ninguén fixo nada grande só. É importante a unión.

## A biblioteca incorpora novos exemplares

A biblioteca do Vicedo está a incorporar novos libros tanto da sección infantil e xuvenil como para adultos polo que contan cunha ampla e variada oferta lectora.

Dende a directiva din que é necesario ter carné da biblioteca para facer uso das instalacións e que é totalmente gratuíto ademais de ser válido para todas as bibliotecas de Galicia.

O horario de apertura do centro é de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.30 horas.

## Unha praza comunicará a casa da cultura e a gardería local

Vaise humanizar unha zona localizada en pleno núcleo urbano do Concello do Vicedo coa construción dunha plaza. Esta actuación centrase nun ámbito de algo máis de 300 metros cadrados situado entre a Casa da Cultura, a gardería, o parque infantil e a rúa Francisco Vilasuso, no lugar do Vicedo; e requirirá un investimento estimado de case 50.000 euros, contía que cofinanciará nun 70% o departamento autonómico e nun 30% o concello.

O obxectivo das obras é a creación dunha praza que comunique e conecte entre si todos estes espazos, para o que tamén está previsto cambiar o pavimento existente, aumentar a zona de lecer aproveitando un espazo que está infrautilizado e mellorar a seguridade coa limitación do acceso aos vehículos.

O proxecto prevé a demolición do pavimento existente para substituílo por outro continuo de formigón impreso, o subministro e instalación

de sinalización vertical, a canalización e recollida de augas pluviais e a súa conexión coa baixante existente, ademais do subministro e instalación de bancos de madeira.

Estes traballos de humanización acometeranse ao abeiro do chamado plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego hai máis dunha década—púxose en marcha no ano 2010— co fin de axudar ás administracións locais a executar este tipo de proxectos.

## Volve o Encontro de avós e netos

O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, publicou un bando para informar sobre o vindeira celebración do Encontro interxeracional de avós e netos o próximo 12 de novembro. Poderán participar neste encontro, que ten lugar no pavillón polideportivo, aquelas persoas empadroadas no municipio que sexan xubiladas acompañadas polos seus cónxuxes, aínda que este último non estea xubilado e tamén polos netos, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos.

O prazo de inscrición está aberto ata o 10 de novembro.



## EN BREVE

**ORZAMENTOS.** O Concello de Alfoz continúa coas reunións polas parroquias para que os veciños e veciñas fagan as súas suxerencias cara ao Orzamento Municipal de 2023. Estas xuntanzas son para escoitar as demandas da veciñanza pero tamén un espazo informativo no que o grupo de goberno explica as obras e servizos que se están a levar a cabo o programadas para un futuro próximo. Así, no mes de novembro, están programadas as reunións ás 20.00 horas na Escola da Pinguela en Lagoa para o venres 4 de novembro, no Trece en Carballido o venres 11 e na Escola de Bacoí para o venres 25.

**25N.** No mes de novembro, e dentro das actividades do 25N, o Concello de Alfoz participará na iniciativa Festival Cine de Mulleres. Este festival poderase ver no salón de actos da casa da cultura de Alfoz, ás 19.00 horas e terán lugar dúas proxeccións de dúas películas, Julia e Les Gardiennes. Acto seguido será o coloquio nun formato de cineforum co Observatorio da Mariña pola Igualdade. Estas citas será o 18 de novembro Julia e o 20 Les Gardiennes

**EXPOSICIÓN.** O Castelo de Castro-douro acollerá unha exposición do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC que se inaugurará o 25 de novembro. O tema principal é a figura do Mariscal Pardo de Cela, podendo disfrutar de material histórico coma o testamento ou a árbore xenealóxica da familia. Ademais da exposición, realizaranse obradoiros co alumnado do CEIP Castro de Ouro, CEIP Santa María do Valadouro e IES Alfoz-Valadouro nos que os rapaces e rapazas aprenderán sobre heráldica, deseñando os seus propios escudos de armas e tamén castelos. Estas obras estarán expostas tamén no Castelo de Castrodoiro.

**MAGOSTO.** A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo en colaboración co Concello de Alfoz e a Deputación de Lugo organiza un magosto para o vindeiro 12 de novembro. A celebración será no pavillón municipal ás 21.00 horas e contará cun menú a base de callos e empanada, pan, viño, castañas e café, e todo elo por un prezo de 8 euros para socios e 15 para os que non o sean. Ademais haberá música en directo amenizando toda a xornada festiva a cargo de Dúo Sonido.

**AUTODEFENSA.** Está programado para o 3 de decembro un curso de autodefensa para mulleres antes situacións violentas. Será na aula Omix da casa da cultura en horario de 10.00 a 14.00 pola mañá e de 16.00 a 20.00 pola tarde. Está dirixido a mulleres a partir de 16 anos.

## A biblioteca incorpora novo equipamento e servizos



Ao longo destes tres anos o Concello de Alfoz fixo unha reforma integral do espazo da biblioteca renovando a totalidade dos andeis metálicos por librerías de maior capacidade e de cor branca que transformaron por completo o espazo. Tamén reorganizouse a iluminación que ademais foi substituída por leds e incorporáronse novas seccións coma o Recuncho Violeta, con lecturas e xogos de igualdade non só para disfrutar na biblioteca, posto que se utilizan tamén nos programas de conciliación municipal no CEIP Castro de Ouro. Por outra banda dotouse de equipamento como un proxector, altavoces, pantalla, libros electrónicos, tablets e ordenadores portátiles que se suman aos 2 de sobremesa existentes. Isto permitiu tamén levar a cabo distintas actividades formativas coma os cursos para aprender a usar os móbiles ou outros coma o de libros electrónicos. Conta ademais con conexión a internet de fibra, garantindo a calidade e velocidade no uso da rede.

Neste ano, “destacamos a creación dunha zona infantil, que complementa a existente, cun espazo para os máis pequenos con monicreques e un teatro de guiñol ademais da zona de lectura “no chan” con coxíns e pufs para ler e xogar”, din dende o Concello, “tamén se adquiriron gran número de revistas, cos correspondentes mobles revestidos, que era un eido que non tiñamos cuberto e que está tendo moi boa acollida”.

Colocouse un buzón exterior para poder devolver os libros fóra do horario de apertura da biblioteca que é de luns a venres de 15.00 a 20.00 horas.

O fondo bibliográfico incrementase continuamente con obras de todos os xéneros a través de axudas doutras administracións e fondos propios, por exemplo, recentemente adquiríronse os libros recomendados nas Axendas Coeducativas que a Área de Igualdade fai para todos os estudantes, así como as lecturas obrigatorias dos distintos IES da Mariña onde estudan os rapaces

## Alfoz dedicará este mes a sesións de teatro

A Área de Cultura de Alfoz, cuxa responsable é Marisa Goás, presenta a programación para o mes de novembro dedicada ao teatro. Todos os sábados de novembro, ás 20.30 horas no salón de actos da casa da cultura de Alfoz.

Estas citas, que serán para todos os públicos e de entrada é libre e gratuíta, xa comezaron o sábado 5 co grupo de teatro Ítaca e a súa obra *Anacos*, e continuará o sábado 12, será a quenda de Lume Escénico da Pontenova presentando a comedia *Albergue Casa Amarelo*. O *misterio da Vía Rexia*, que tamén está incluído no Ciclo de Teatro Aficionado da Área de Cultura da Deputación Provincial. O día 19 Trípode e amigos presentará a comedia *O muro*, e o sábado 26 o Colectivo Cultural Ollomao representará *O documento* dentro do Ciclo de Teatro Aficionado da Área de Cultura da Deputación.



tará a comedia *O muro*, e o sábado 26 o Colectivo Cultural Ollomao representará *O documento* dentro do Ciclo de Teatro Aficionado da Área de Cultura da Deputación.

## O Concello conta con becas de transporte para estudantes

Tendo en conta que o IES Alfoz-Valadouro só conta con Educación Secundaria e, polo tanto, o alumnado que continúe os seus estudos postobrigatorios debe desprazarse a centros educativos da Mariña para cursar BAC e/ou FP, o Concello de Alfoz oferta unha serie de bolsa ao transporte.

Estas achegas son de ata 400 euros por estudante e curso para axudar cos gastos e este ano ademais inclúense tamén axudas de ata 440 euros para o alumnado con diversidade funcional de Centros de Formación Ocupacional da Mariña.

Para máis información e tramitación das bolsas poden poñerse en contacto no teléfono 982 558 001 (ext. 2) ou na casa do Concello.

Por outra banda, conta con subvencións municipais de concorrencia competitiva: culturais, deportivas, educativas e formativas.

Proximamente publicaranse as bases das axudas municipais nos distintos eidos para premiar o dinamismo das distintas asociacións, clubs, centros educativos, etc. de Alfoz.

Poderán optar a estas subvencións deseñadas co fin de axudar economicamente á labor que realizan ao longo de todo o ano. Para máis información no teléfono 982 558 001 (ext. 2).

**PARROQUIAS.** Como novidade, neste 2022, e seguindo o modelo das axudas que o Concello de Alfoz da para as festas de Nadal, cada parroquia do municipio contará cunha axuda de 300 euros.

Esta achega servirá para decorar nesta época e facer un pobo máis adornador. Son Subvencións nominativas a cada unha das parroquias de Alfoz para o Nadal. As bases publicaranse proximamente.

## ourol



## Convocan novas actividades este novembro en Orol

O Concello de Orol acollerá o vindeiro 26 de novembro a proxección, en formato autocine, da película *Vilamor*, do director Ignacio Vilar.

Baseada en feitos reais, mentres a nave Enterprise comeza a súa viaxe espacial, as Mothers of May marchan por primeira vez en Bos Aires e Star Wars enche os cines de todo o mundo, nun lugar maravilloso e remoto de Galicia (recén rematado pola ditadura franquista) o tempo detense e comeza un soño.

Por outra banda, Tamen están pendentes de concretar a data da IV Andaina contra a violencia de xénero así como pechando unha proposta coa Asociación de Mulleres en Igual-

dade de Burela Bumei co gallo do Día Internacional contra a violencia de xénero.

**PRESENTACIÓN.** A antiga escola de Bravos acolleu o 23 de outubro a presentación do libro *Un año contigo* de Raquel Amieiro. Para acompañar a cita contaron coas intervencións do escritor Lionel Rexes, camarada no eido literario, e o músico e tamén escritor, Toni Cazás, que interpretou algunhas cancións.

Cabe destacar que o importe integro das vendas do libro están destinadas á Asociación Contra o Cancro de Mama e tamén para investigación sobre esta enfermidade.



# “Temos en mente facer unha residencia para a terceira idade”

O socialista Jorge Val é o alcalde de Alfoz dende o ano 2015

Jorge Val é o alcalde de Alfoz dende o 2015, un Concello pequeno pero cun amplo patrimonio arquitectónico e cultural.

## Pode facernos un balance desta legislatura?

O balance deste ano podemos dicir que foi e está sendo positivo pois fixéronse moitas cousas a pesar da pandemia e tamén co tema da guerra de Ucraína xa que se dispararon os prezos o que fai que moitas veces non se dean controlado os prezos e cálculos para obras. Non temos que ser ambiciosos, por suposto que nos gustaría facer máis pero hai que ir pouco a pouco e adaptándose.

## De que proxecto se sinte máis orgulloso?

Pois nestes anos de traballo fixemos unha nave para almacenar a maquinaria municipal cun convenio coa Deputación que está situada na Granda de San Pedro. Levamos a cabo a rehabilitación dunha antiga vivenda de mestres no núcleo da Pinguela para alugueiro. Seguimos ampliando e mellorando os alumeados públicos, mantemento de pistas e estradas, e este ano vanse facer traballos de melloras no Castelo de Castrodouro para que sexa un centro de turismo para a Mariña. No tocante ás instalacións deportivas creamos unha pista de pádel xa que era unha modalidade moi demandada. E grazas aos fondos europeos puidemos facer o despregue da fibra óptica en todo o Concello.

## Que quedaría por facer de cara a este ano?

Pois aínda quedarían cousiñas,

pero hai que ir aos poucos. O que máis nos gustaría é que xa comezou e estamos tramitando para rematar despois de 25 anos a concentración parcelaria.

## Ten algún proxecto que quede no tinteiro para os vindeiros anos?

Temos en mente facer unha residencia para a terceira idade, para a que xa temos o estudo de custes feito, e a creación dun polígono industrial. Pois serían dúas formas de atraer e fixar poboación pois coa residencia os maiores non se terían que trasladar das súas vivendas e co polígono asentaríanse novos negocios así como amplialos o que permitiría traer máis emprego e veciñanza. Son maneiras de atraer xente ao rural.

## Hai localización para o polígono?

Aínda non pois é unha decisión conxunta cos empresarios e da que ademais dependen moitos factores como se está afectada por Patrimonio, por Augas de Galicia, etc, as cales condicionan o seu sitio. O que si que nos gustaría é que fose nun sitio céntrico e dotado de servizos.

## Que outras necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Pois algunhas das máis importantes son o tema do polígono para poder ampliar espazos e ter un area industrial e tamén o PXOM. Ademais do que a sociedade vaia demandando pouco a pouco como son as melloras de estradas e fochancas ou o saneamento, malia que nesta infraestrutura necesitaríamos axuda doutras administracións pois temos unha poboación moi

dispersa.

**Alfoz conta cun amplo orzamento municipal, preto dun millón máis que o ano pasado. Como é posible facer esta xestión?**

Aumentamos case un terzo o orzamento debido ás achegas da Deputación e dos fondos do Estado así como das subvencións concedidas pola Xunta. Tamén na mellora da xestión de recadación e gastos. Ao final é como xestionar unha casa.

**“As actividades son posibles grazas ao traballo do día a día por parte dos traballadores municipais así como doutros que se contratan con programas sociais”**

## Algún capítulo a destacar?

Pois un dos máis importantes é o servizo de axuda no fogar ou SAF no que aumentamos as horas e queremos aumentar máis, xa que fixemos a RPT e as traballadoras van pasar de 4 a 8 horas. Oxalá non haxa listas de espera xa que é un servizo fundamental, moi demandado por moita xente.

**Contan cunha gran oferta de cursos e actividades para os veciños. Así como de instalacións como pista de pádel, a biblioteca, locais sociais, etc. Que supón para a veciñanza?**

Pois todas estas actividades son posibles grazas ao traballo do día a día por parte dos traballadores municipais así como doutros que se contratan con programas sociais como a ximnasia de mantemento, ioga, cursos de memoria para adultos, magostos, etc. Temos moitas asociacións, unha en cada parroquia, as cales fan moitas actividades e organizan festas, cursos, etc. Temos o mes da música, mes do teatro, cursos de entretemento e de aprender algo como micoloxía, baile ou de mantemento



de castiñeiros.

**O Mercado Medieval, os Chóferes, a do Trece, son festas que axudan a consolidar a comarca?**

Todas estas festas son un atractivo turístico e unha posta en valor de Alfoz para que a xente da comarca e doutras comunidades nos visite. Temos as festas da tempada nas parroquias e despois as grandes citas como as mencionadas antes, nas que contamos con moitos visitantes.

## Que melloras se farán no Castelo?

No Castelo vanse facer obras no tema da seguridade colocando varandas e proteccións para os visitantes, xa que queremos facer un centro de interpretación

do Mariscal que terá documentación, libros e exposicións permanentes e outras actividades lúdicas durante todo o ano. A contorna e as vistas que ten préstanse para moitas actividades e é un complemento para toda a comarca.

## Tamén contan cunha nova bandeira. Como foi este proceso e por que?

Alfoz xa tiña un escudo pero non contaba con bandeira oficial para actos, polo que quixemos creala e plasmar nela o espírito do municipio. Ten un fondo verde que simboliza o val, a torre, sinal de identidade do Concello de Alfoz está en branco, e os símbolos do escudo de armas do mariscal Pardo de Cela en azul sobre un campo amarelo.





## mondoñedo

## A taxa de criminalidade descendeu un 51%

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, mostrouse satisfeita polo descenso da criminalidade no Concello de Mondoñedo, tal e como indican as estatísticas da Garda Civil. Así, explicou que os datos amosan unha tendencia positiva ao reducirse un 51,6% o número de delitos que se produciron no municipio, pasando de 31 infraccións penais no 2019, ano prepandemia, a 16 no 2021. Actualmente, a taxa de criminalidade do municipio é dun 7,76% por mil habitantes, sendo moi inferior á media da provincia de Galicia. Rodríguez avanzou que

o ano 2021 foi un gran ano en materia de seguridade no concello de Mondoñedo, pois tamén descendieron os delitos leves nun 54% ao pasar de 13 a 6, entre eles os delitos contra as persoas, o patrimonio e a seguridade colectiva.

A subdelegada deu conta da evolución da criminalidade en Mondoñedo na Xunta Local de Seguridade, que copresidiron Isabel Rodríguez, e o alcalde, Manuel Otero, na Casa do Concello e na que tamén participaron representantes da Garda Civil, Subsector de Tráfico, Policía Autonómica e Policía Local.

## Mondoñedo adaptará a ARI a unha Contorna Residencial de Rehabilitación Programada

O Concello de Mondoñedo aprobou por unanimidade no pleno municipal deste luns adaptar a Área de Rehabilitación Integral (ARI) a unha Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) "para que o Concello poda participar nos programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio que contempla o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU".

Este foi un dos puntos de acordo adoptados polo pleno da corporación a proposta da alcaldía. Co apoio de tódolos grupos, a corporación tamén acordou solicitar a participación do Concello de Mondoñedo neste programa de axudas que permite o financiamento de obras de rehabilitación de edifi-

cios e vivendas dentro de Contornas Residenciais de Rehabilitación Programada, sempre que se obtéña unha redución de polo menos un 30% do consumo de enerxía primaria non renovable nos edificios. Deste xeito, cumpríriase co obxectivo de adaptar o parque de edificios e vivendas en España aos retos nacionais e europeos en materia de sustentabilidade "mitigando a demanda de calefacción e refrixeración nos fogares".

Tralo acordo, o Concello adopta o compromiso de actuar como entidade xestora das actuacións, despois da firma do correspondente acordo específico e de tramitar os procedementos conforme aos requisitos previstos no Plan; o alcalde terá a facultade para a xestión dos trámites; e o Concello dará traslado á Dirección Xeral do IGVS.

## Programación para este mes

**MAGOSTO.** A Asociación Barrio dos Muíños prepara para o 11 de novembro ás 20.30 horas un magosto popular. Para recoller o tiquete haberá que poñerse en contacto cos membros da asociación no teléfono 633 033 444 e ten un prezo de 3 euros e para socios será de balde.

**CEA BAILE.** O Motoclube Ruta N-634 Mondoñedo organiza para o sábado 12 de novembro a terceira cea baile na finca San Antonio. Este evento dará comezo ás 21.30 horas e contará con animación musical a

cargo do dúo EpoK. O menú consta de callos con garavanzos, costela de porco asada, milhojas, viño Rioja e Godello, café e chupito. Tamén haberá un sorteo de agasallos para os asistentes.

**CONSERVAS.** A Reserva da Biosfera Terras do Miño realizará un Curso de Elaboración de Conservas Artesanais, no local da Asociación de Veciños San Andrés de Masma os días 25 e 26 de novembro, sendo o venres 25 de 16.00 a 20.00 horas e o 26 de 10.00 a 14.00 horas.

## o valadouro

## Éxito de participación no segundo Torneo de Bridge



O hotel Vila do Val, de Ferreira do Valadouro acolleu o II Torneo de Bridge, organizado polo Club de Bridge Ciudad de Lugo.

Neste torneo participaron 29 parellas chegadas desde diferentes puntos da xeografía española como Asturias, Cantabria, Castela-León e Galicia, ademais do país veciño Portugal.

Os gañadores foron Germán Vázquez-Pimentel e Pancha Novo. Os segundos clasificados foron Ana García e Marta Nogueira. E o terceiro posto leváronlo Susana Riveiro e Álvaro Sánchez-Monge.

O evento foi organizado polo Club Bridge Cidade de Lugo desde onde

sinalaron que "a finalidade é dar a coñecer a comarca da Mariña a través de bridge, así como este xogo que é universal". Os asistentes aproveitaron a fin de semana para realizar visitas á Torre do Mariscal Pardo de Cela e á Basílica de San Martiño de Mondoñedo.

A directora do hotel Vila do Val, María Hermida, agradeceu aos organizadores que "elixisen por segunda vez o noso hotel para a celebración deste torneo. Esperamos que gozasen do xogo e da súa estancia na Mariña, que se animen a repetir e a visitar esta comarca en calquera época do ano".

## O BNG esixe a construción do polígono industrial

O BNG reclama para Valadouro e a súa comarca a construción dun polígono industrial que o PP ten paralizado dende hai 15 anos. Ditas obras foron planificadas pola Consellería de Vivenda e Solo, baixo a responsabilidade do BNG entre 2005 e 2009, pero non se executaron porque o Partido Popular ten o proxecto apartado desde que chegou á Xunta.

O deputado por Lugo, Daniel Castro, denunciou que o Executivo popular "pon pau nas rodas en lugar de facilitar a posta en marcha dunha infraestrutura que é vital para o concello de Valadouro". Neste sentido, acusou ao PP de ter parado un proxecto que favorecería a chegada de máis empresas: "É o propio empresario da zona quen fai esta denuncia abertamente", destacou na súa intervención parlamentaria, na que defendeu a creación de máis solo industrial na comarca da Mariña para favorecer a implantación de novas actividades empresariais.

Unha comarca, remarcou, "que nos últimos anos só recibiu malas noticias en termos industriais por parte dun Executivo galego que ten a competencia en materia de política industrial". De feito, denunciou que dende que goberna o PP "sucede-

ronse os peches, os despedimentos e as deslocalizacións de empresas na Mariña, o que sumado á situación de ALCOA e do sector pesqueiro, -agora co veto á pesca de fondo-, xera unha enorme incerteza e preocupación". Precisamente para contrarrestar este momento de crise, son urxentes equipamentos e infraestruturas como a que aportaría ao concello e ao conxunto da Mariña o parque industrial do Valadouro que o Partido Popular se empeña en vetar desde a Xunta.

**PARTIDO POPULAR.** O deputado do Grupo Popular José Manuel Balseiro afirmou hoxe que socialistas e nacionalistas levan 8 anos "desatendéndose" da creación do Polígono industrial do Valadouro e tan só parecen lembrarse deste asunto "cando se aproximan unhas eleccións".

O parlamentario popular reclama que o Goberno local e a Deputación de Lugo (ambos en mans de PSOE e BNG) expliquen por que "agora non lles vale" o convenio que asinaron para executar estas obras. Este acordo, que data de maio de 2015, para promover esta zona industrial, "aínda non se cumpriu, nin teñen vontade real de facelo".

## Aberto o prazo para inscribirse nas actividades de adultos

Dende o 1 de novembro está aberto o prazo para inscribirse nas actividades para persoas adultas do Concello do Valadouro.

A duración das actividades está prevista dende o 7 de novembro ao 26 de maio do 2023 e os horarios poden verse modificados en función da dispoñibilidade de monitores e para garantir o bo funcionamento das mesmas.

As actividades ofertadas son ximnasia de mantemento, en Ferreira os luns e mércores de 10.00 a 11.00, ximnasia de mantemento no Cadramón os martes de 18.45 a 19.45, ioga os mércores de 18.00 a 19.00, taller de memoria os martes e venres de 17.30 a 18.30 e uso de novas tecnoloxías e trámites nas administracións os xoves de 17.00 a 18.30.

Para levar a cabo unha actividade será imprescindible un mínimo de 8 persoas inscritas na mesma. O lugar e horario de desenvolvemento indicárase na resolución na que se indique a listaxe de persoas admitidas. No caso de ser preciso, crearanse 2 quendas de participación, correspondendo a cada unha a metade dos meses nos cales se desenvolva a actividade.

## O Concello asume a titularidade da vía LU-163

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Valadouro da estrada LU-163 na súa totalidade, xunto co seu dominio público viario asociado.

O Concello do Valadouro solicitou a cesión de titularidade do treito urbano da estrada autonómica LU-163 co fin de poder realizar o arranxo do desaguadoiro da fonte pública situada no seu punto quilométrico 0+850. A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, vén de executar unha rehabilitación do pavimento da estrada LU-163, na cal se investiron 48.331,13 €, previamente a este cambio de titularidade, coa que se repararon os puntos en que o firme estaba deteriorado e se dispuxo unha capa de rodaxe con microaglomerado.

O treito obxecto da transferencia ten a consideración de urbano para os efectos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Este tramo, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 1+380, correspóndese cun resto de 1.830 metros de lonxitude da actual LU-162, cuxo tráfico é local.



## Dora Sela recibiu o premio do Día Internacional da Muller Rural

O auditorio Félix Menéndez da casa de cultura acolleu os actos conmemorativos con motivo do Día Internacional das Mulleres Rurais e no que se fixo entrega do Premio Muller Rural de Vegadeo 2022 a Dora Sela Pérez, veciña da parroquia de Guiar. Desde o Consello Local da Muller e a Concellería de Igualdade

e Benestar Social preténdese recoñecer con esta distinción a súa dedicación e compromiso co medio rural, sendo un claro exemplo do papel fundamental das mulleres na continuidade e desenvolvemento do mesmo. Doura Sela naceu hai 85 anos no mesmo caserío de Guiar onde continúa residindo. Toda a súa

traxectoria estivo dedicada á gandería e a agricultura, a tecer, a fiar e a facer canto fose necesario para sacar adiante á súa familia.



## Previstos este mes catro espectáculos no auditorio

O auditorio Félix Menéndez acollerá para este mes de novembro varios espectáculos para todos os públicos. Así, comezará o mércores 9 ás 20.00 horas haberá cine con *Tenéis que venir a verla* de Jonás Trueba e que fala de dúas parellas amigas que volven quedar nun concerto tras o confinamento da primavera de 2020.

O domingo 20 de novembro ás 18.00 horas o teatro volve da man de Luz de Gas e a súa obra *Un peregrino muy casto*. Que trata sobre as consecuencias de perder unha aposta e un grupo de amigos que se ven obrigados a realizar o Camiño de Santiago portando un cofre.

O día 23 de novembro ás 20.00 horas volverá o audiovisual con *La inocencia interrumpida* de José Fernández Rivero. O documental céntrase na historia dos



4000 nenos e nenas españois chegados a Southampton para escapar dos horrores da guerra. Xa o 27 de novembro haberá un musical protagonizada por Alberto Rodríguez, Carlos Mesa e Marga Llano, *X a túa culpa*. Trátase de varias historias de amor que se desenvolven nun mundo de gánsters, karaokes e ximnasia. Será ás 18.00 horas.

## Aberta a convocatoria para o terceiro certame Exprésate contra la violencia de género

Aberta a convocatoria para o certame III Exprésate contra la violencia de género do Concello de Vegadeo e no que poderán participar persoas de entre 12 e 20 anos.

Poderase presentar como máximo unha frase ou párrafo por persoa, indicando o pseudónimo, e irá acompañado dos datos do concursante. As frases ou párrafos deberán ser orixinais e a temática será a dedicada á sensibilización da sociedade contra esta lacra social.

O prazo de presentación rema-

ta o 14 de novembro e poderán presentarse nas oficinas do Concello, na oficina Xoven o na Secretaría do Instituto Elisa y Luis Villamil.

Establécense tres premios, un primeiro composto por tres vales de compra valorados en 50 euros, un segundo con dous vales de 50 euros, e un terceiro cun só vale valorado en 50 euros.

Os gañadores, ademais dos vales, recibirán un recoñecemento nos actos conmemorativos do Día Internacional contra a violencia de xénero.

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura  
VICEPRESIDENCIA

Máis información en [www.cultura.deputacionlugo.gal](http://www.cultura.deputacionlugo.gal)

# CIRCUÍTO DE TEATRO AFECCIONADO 2022

Ciclo ARGALLADAS	Ciclo GARGALLADAS	Ciclo TÁBOAS CHEAS DE EMOCIÓN	Ciclo ELEMENTAL?
<b>A Adala (Foz):</b> Vivan os novos	<b>Asociación Cultural Abrente (As Nogais):</b> O tío Ripias	<b>Alentia Teatro (Palas de Rei):</b> No fío das historias	<b>Borguete Teatro (Vilalba):</b> O velorio
<b>A Mariña (Cervo):</b> Un camiño para o recordo	<b>Colectivo Cultural Ollomao (Barreiros):</b> O documento	<b>Falcatrueiros (Monterroso):</b> Clowncertaza	<b>Curuxan Teatro Impro (Lugo):</b> A tenda de Xón
<b>Argalleiras (Chantada):</b> Ler ou non ler	<b>Chimchiribote (Pol):</b> Contos	<b>Grupo de Teatro Down (Lugo):</b> 213	<b>Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla:</b> Oito en sospeita
<b>Axóuxeres (Foz):</b> Cousas de mulleres	<b>O Centiño (Foz):</b> A morte morrida	<b>O Bordelo (Cervo):</b> O covid do mariñán	<b>Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA):</b> Asasinato na tenda de roupa
<b>Metátese Teatro (Palas de Rei):</b> Escola de vaqueiras	<b>O Torques (Burela):</b> O Randiño	<b>Os Baluros (Castro de Rei):</b> O menciñeiro á forza	<b>Hipócrata Teatro (Lugo):</b> Arte
<b>Nova Escena (Lugo):</b> A tortilla e a peste	<b>Os Trocos (Castro de Rei):</b> A Croa dos Chairas	<b>Os Pinchacarneiros (Lugo):</b> O Lazarillo do Miño	<b>Lume Escénico (A Pontenova):</b> Via Rexia
<b>Os Palimoquiños (Lugo):</b> Barraliño	<b>Pico do Castro (Foz):</b> O terapeuta	<b>Rebuldeira (Sarria):</b> Fráxiles	<b>Teatreiras (Monforte):</b> O crime de Lady Sibila
			<b>Viraventos (Monforte):</b> Perfectos descoñecidos



## barreiros

# Sae a licitación o proxecto de mellora na praia de Arealonga

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, informou que o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico acaba de sacar a licitación o proxecto para realizar melloras na praia de Arealonga en San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros. Ditas actuacións contan cun orzamento de 552.000 euros, enmarcado nos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Isabel Rodríguez lembrou que este proxecto liderado pola Dirección Xeral para a Sostenibilidade da Costa e o Mar ten como obxectivo recuperar e protexer o sistema dunar de Arealonga en San Miguel de Reinante, “dentro da aposta do Goberno pola conservación dos recursos paisaxísticos e medioambientais da provincia”, engadiu.



“Con estas intervencións propoñémonos axudar á recuperación da gran riqueza natural que posúe o concello de Barreiros, que supón un gran atractivo tanto para os veciños e veciñas como para os numerosos visitantes deste municipio”, subliñou Rodríguez.

Os traballos consistirán na recuperación do ecosistema da praia de Arealonga. Para iso está prevista a demolición de estruturas e pavimentos no

sistema dunar, a erradicación de especies invasoras que supoñen unha importante ameaza, como é o caso da herba da Pampa, a posterior restauración de especies autóctonas e a protección e posta en valor do sistema dunar. Posteriormente, executaranse novos accesos e melloraránse os existentes. Ademais, o proxecto completaráse coa adaptación do edificio de servizos existente para persoas con mobilidade reducida.

## José Manuel Gómez Puente asume a presidencia da xestora do PP

O Partido Popular acaba de nomear presidente da xestora do PP de Barreiros a José Manuel Gómez Puente, traballador do Sergas que leva anos exercendo como enfermeiro no Centro de Saúde de Barreiros, actual voceiro do grupo municipal popular en Barreiros e deputado provincial na Deputación de Lugo. Este nomeamento xurde tras o consenso entre os afiliados co coordinador xeral, José Manuel Balseiro Orol, nunha reunión celebrada onte coa dirección provincial.

Gómez Puente sinala que o seu labor terá como liña principal traballar en positivo por Barreiros e mellorar a calidade de vida das veciñas e veciños de Barreiros. Proximamente a xestora dará a coñecer o seu equipo de traballo que a compoñerá un formación sólida para dar unha alternativa ao goberno local.

**RÍO FORCÓN.** O voceiro do Grupo Municipal Popular de Barreiros, José Manuel Gómez Puente, advirte da preocupación dos veciños ante o risco de desbordamento do río Forcón -máis coñecido como río da Barranca- ao seu paso polo tramo urbano de San Miguel de Reinante debido a que se atopa cheo de maleza. É por iso polo que urxe ao goberno local a levar a cabo os traballos de limpeza que sexan necesarios.

## Nova edición do programa de estimulación da memoria

O Concello de Barreiros, desde a área de Educación Familiar do Departamento de Servizos Sociais e en colaboración coa Concellería de Participación e Dinamización Veciñal organiza o programa Barreiros Activa Mente. Este programa atende ás necesidades das persoas maiores para manter unha mente activa, estimulada e entretida.

Barreiros ActivaMente está destinado a persoas maiores de 65 anos, xubiladas maiores de 60 anos ou con discapacidade; que se consideren idóneas para participar nos mesmos.

As actividades levaranse a cabo en 4 lugares do concello e terán unha duración dunha hora semanal e unha taxa única de 10€/ano.

Para inscribirse, as persoas interesadas deben presentar no Concello de Barreiros o anexo de pre-inscrición que se pode descargar desde a seguinte ligazón antes do martes 25 de outubro de 2022.

Unha vez finalizado o prazo de pre-inscrición, a educadora familiar poñerá en contacto coas persoas interesadas en participar para confirmar os locais e horarios definitivos.



**SAF.** O Concello de Barreiros entregou os diplomas do curso de Prevención de riscos laborais no sector sociosanitario no que participaron un total de 22 traballadoras e traballadores do servizo de axuda no fogar. O curso, que foi sufragado con fondos municipais, tivo unha duración de 15 horas divididas en 3 xornadas presenciais de mañá ou tarde nas que se abordaron temas como a seguridade na manipulación de produtos químicos, traballos en cocinas, corrección de posturas forzadas, mobilización de usuarios/as, etc.

## Deu comezo o obradoiro de emprego Eo-Navia III de actividades silvícolas

Deu comezo o obradoiro de emprego Eo-Navia III, no que participan 20 traballadores desempregados que se formarán na especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. O acto de apertura contou coa presenza do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, os alcaldes da Pontenova, Darío Campos, e Negueira de Muñiz, José Manuel Braña, e o tenente de alcalde da Fonsagrada, José Ángel Fernández.

O proxecto está financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 504.000 euros, cos que se sufragan -entre outros conceptos- os contratos dos alumnos traballadores e do persoal do obradoiro. O obxectivo,

segundo apuntou Arias, é proporcionarlles “formación teórica e práctica e experiencia laboral que facilite a súa incorporación ao mercado laboral, ben en empresas do sector ou como emprendedores”. Paralelamente, aplicarán tratamentos silvícolas en espazos públicos dos tres municipios, limpando e acondicionando máis dun cento de camiños e pistas que dan acceso a núcleos de poboación, fincas agrícolas e diversos servizos.

Os tres concellos repiten experiencia por segundo ano consecutivo, xa que na pasada edición compartiron un obradoiro orientado a actividades auxiliares de carpintaría, tamén financiado pola Xunta con 362.000 euros.



## Primeira reunión da Mesa Coordinadora Don Paco

Representantes da Mesa Coordinadora Don Paco, constituída en Lourenzá para organizar actividades na honra de Francisco Fernández del Riego no vindeiro ano 2023, mantiveron reunións con responsables da Xunta de Galicia, da Deputación de Lugo e da Fundación Penzol.

“Dentro do marco previsto pola Mesa Coordinadora Don Paco, de Lourenzá, na elaboración de actos e actividades a realizar para honrar a figura de Francisco Fernández del Riego, escritor lauretino ao que se lle dedicarán as Letras Galegas o próximo ano 2023, no pasado mes de outubro mantivéronse contactos con distintas institucións e organismos públicos: O día 18 Rocío López, Isabel Vilalba e María Áurea Vázquez desprazáronse a Lugo para entrevis-

tarte coa vicepresidenta de Deputación Provincial, Tareixa Antía Ferreiro Tallón; en Vigo o presidente da Fundación Penzol, Manuel Puga Pereira, e outros padroeiros recibiron o día 27 a Xosé Luís Fernández de Xosé López; e o pasado día 31 foron Rocío López, Javier Rodríguez e Manuel Román os que se entrevistaron en Santiago de Compostela co director xeral de Política Lingüística, Valentín García, e co director xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo”, explica a Mesa Coordinadora Don Paco, que tamén anuncia que “en próximas datas estes contactos seguirán o seu curso co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, e co presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes”.





## Unha achega do Mitma axudará a mellorar a Casa do Concello

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, xunto ao alcalde da Pontenova, Dario Campos, supervisou as actuacións que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) vai financiar con 305.000 euros para melloras na eficiencia enerxética e o acondicionamento das oficinas da Casa do Concello.

As actuacións consistirán na mello-

ra do illamento térmico da fachada cun panel ríxido de polistireno expandido, a renovación da carpintería exterior, substitución das luminarias existentes de todas as plantas por lámpadas LED de baixo consumo, instalación dunha nova caldeira para a calefacción, así como o repintado de todas as estancias e renovación das baixantes e dos canlóns exteriores.

## A vila acollerá de novo a Feira de Artesanía e Antigüidades

O Concello da Pontenova volverá acoller unha nova edición da súa Feira de Artesanía e Antigüidades de primeiros de decembro e que este ano chega a décimo quinta edición.

Esta celebración que será os días 3, 4, 5 e 6 de decembro terá lugar na praza dos Fornos onde se instalarán como noutras ocasións numerosos postos de artesanía de diferentes zonas xeográficas españolas, onde se expoñen artigos de cestería, carpintería, complementos en tea, xoiería ou coiro.

O evento podería contar tamén coa presenza de artesáns que realizarán talleres en vivo sobre torno de madeira, a cestería en vimbio, a forxa de ferro, a pintura decorativa, o coiro e sobre



ecolámpadas de cabaza, malia depende das medidas sanitarias. Tamén será a VI Xuntanza de vespas, motos e coches clásicos.

## Aberta a inscrición da VI Ruta da Troita

Os vindeiros 11, 12 e 13 de novembro celebrarase unha nova edición da Ruta da Troita organizada como de costume polo Team Fozamontes. A VI Ruta da Troita, memorial Andrés Lombardía O Roxo e Andrés Pardo O Grande, comezará o venres 11 coa presentación da ruta 4x4 e unha degustación de petiscos.

Xa na xornada do sábado, terá lugar a propia ruta e os presentes poderán gozar coa música do grupo Fénix e Pedro Brmudz.

Previsiblemente o domingo 13 levarase a cabo o trial de obstáculos e o circuito de velocidade. Para participar é necesario anotarse no facebook dos organizadores.

## A Escola de Teatro comeza o curso

A Escola Municipal de Teatro A Pontenova comeza un novo curso de artes escénicas este outono. Así, o vindeiro 7 de novembro iniciarase na casa da cultura pontenovesa o novo obradoiro. Será en horario de 20.30 a 22.30 horas e para inscribirse ou anotarse será necesario chamar ao 982 354 277 ou escribir un correo a correo.apontenova@fegamp.gal.


A Escola Municipal de Música da Pontenova deu comezo como proxecto no ano 2003 e ao longo de todo este tempo sufriu transformacións de toda índole, ata que por fin en 2007 deixou de ser un proxecto para converterse nunha realidade. O curso 2008 – 2009 comezou con grandes expectativas e cambios visibles. O primeiro deles, e probablemente o máis importante, é que o número de alumnos matriculados aumentou considerablemente en comparación con anos anteriores.

## O 16 de novembro farán un Workshop

O vindeiro 16 de novembro celébrase na Pontenova o primeiro Workshop organizado polo Concello. Un evento no que o turismo é o protagonista, con axentes invitados de toda Galicia para compartir as súas experiencias e xerar sinerxias.

“Se estás vinculado ao sector turístico na Pontenova, esta é a túa cita”, din os organizadores, “neste Workshop destacaremos todo o feito e o que está por vir no turismo da zona, e ti tes moito que contar. Terás o teu espazo e momento para expoñer o que ofreces e conectar con diversos axentes”. No caso de non podes asistir pero si querer participar, poderase facer vía streaming.

## Comezou o IV Certame de Teatro Aficionado



O 1 de novembro comezou no multiusos Ponte de Cuñas o IV Certame de Teatro Aficionado Concello de Lourenzá.

A programación completa deste certame, que se desenvolverá ao longo do mes de novembro, pode verse nas páxinas oficiais do Concello, nos folletos distribuídos en comercios e bares da localidade, nun panel que estará instalado na Praza do Concello e tamén se repartirán folletos os días das representacións. Antes de cada función repartiranse entre o público asistente, de maneira aleatoria, unhas tarxetas para que dean o seu parecer sobre a obra a concurso e desta maneira decidir cal delas leva o Premio do Público.

A gala de entrega de premios está programada para o 17 de decembro. Este certame está organizado polo Concello de Lourenzá coa colaboración da Deputación de Lugo.

O 12 de novembro será a obra *Fatum*, de Catre Teatro, o 13 *Sainetes*, de Quemaiestén, o día 18 *Eres único*, o 19 de novembro *E se todo se reducise ao amor*, o día 20 *Vivan os noivos*, e o 27 de novembro *O documento*.

## O Concello quere eliminar as barreiras arquitectónicas

O Concello presenta un proxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas que se centran no entorno do casco urbano de Vila-nova.

Está previsto que as obras comencen antes de final de ano dado que o Concello conta xa con tódolos permisos sectoriais pertinentes. En concreto as actuacións descritas no proxecto centraranse en varias beirarrúas e pasos de peóns que non cumpren coa actual lexislación en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras. Esta actuación supón o inicio dunhas obras que eran moi necesarias para facilitar a accesibilidade e mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

A rexedora municipal engade que “o presente proxecto contempla a resolución dos desniveis nos recorridos peonís entre as beirarrúas e os pasos de peóns de dous xeitos distintos, de acordo á súa ubicación e condicionantes: elevando a plataforma do propio paso de peóns ata o nivel da beirarrúa existente ou ben rebaixando a plataforma da beirarrúa, con recorridos accesibles, ata o nivel da plataforma da vía existente.

A maiores levarase a cabo un pintado dos cebreados dos pasos de peóns e demais marcas viais para



garantir unha circulación segura tanto para vehículos como para peóns”.

O presuposto ascende a un total de 43.261 euros.

**CAMPO DE SANTA CRUZ.** O Concello traballa para solucionar os problemas no alumeado do campo de herba artificial de Santa Cruz. A alcaldesa explica que “o Concello está a traballar na elaboración dun proxecto integral para eliminar os antigos postes situados nos accesos que hai entre os dous campos e poder así utilizar ese espazo dun xeito máis eficiente”.

O novo alumeado irá situado no lateral das instalacións do novo campo artificial e permitirá solucionar os problemas de deficiencia de luz que hai na actualidade

## lourenzá

### A Anpa do Juan Rey ofrece servizo de madrugadores e boas tardes

A Anpa do CEIP Juan Rey prepara un servizo de madrugadores e boas tardes para poder axudar a todas as familias a conciliar.

Os horarios dos madrugadores serán de 8.00 a 9.00 horas e de boas tardes de 16.20 a 19.20 horas, ademais pódense anotar nos dous servizos.

Para anotarse e saber o número de nenos e poder comezar e planificar todas as actividades recoméndan cubrir a seguinte enquisa.

Por outra banda, estanse a levar a cabo as obras de mellora da eficiencia enerxética no CEIP Juan Rey, ás que se destinan preto de 311.400 euros, e que foron licitadas en setembro do 2021.

Entre as actuacións destacan a substitución de portas e ventás por unhas de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmico e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos, de seguridade e con cámara de aire intermedia.

Así mesmo, incorpórase illamento na cuberta e cámbianse os equipos de iluminación por outros tipo LED de menor consumo e falso teito acústico. Tamén se inclúe a substitución dos radiadores en mal estado; reparación de pequenas avarías en tubaxes e pintado dos paramentos interiores. Ademais, na escaleira de acceso principal colócase unha pérgola similar ás existentes no colexio.



## Avanzan a bo ritmo as obras da planta de biorresiduos

As obras da nova planta de biorresiduos proxectada en Cervo, unha infraestrutura que se prevé que entre en funcionamento a finais deste ano dará servizo a 15 concellos.

As instalacións, cuxa construción foi adjudicada por preto de 6,4 millóns de euros á UTE Espina Obras Hidráulicas, S.A- Geoxa, Xeneral de Construcións, S.L, ocupará unha parcela de case 8.000 m<sup>2</sup> e dará servizo a 14 concellos da Mariña, Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, Ourel, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove e Cervo, ademais do coruñés de Mañón.

Esta instalación formará parte da rede de infraestruturas deseñada a fin de que a meirande parte dos concellos adheridos a Sogama teñan acceso á valorización da materia orgánica e dispoñan dunha planta de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 km de distancia.

A planta de Cervo acollerá todo o proceso de compostaxe, pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento, disporá de capacidade para tratar 3.000 toneladas de materia orgánica anuais, ás que habería que sumar 1.600 toneladas de material estruturante e producirá 1.500 toneladas de compost.

## Aberto o prazo para as axudas de libros e material escolar

O Concello abriu o prazo de solicitude de axudas para a adquisición de libros e material escolar para as familias do alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) dos dous centros do municipio nos que se imparte este ciclo educativo, o CEIP Península da Paz e o CEIP de Cervo.

A convocatoria permanecerá aberta ata o 21 de novembro –incluído-. O rexedor, Alfonso Villares, apuntou que “dispuxemos dunha partida orzamentaria de 8000 euros para estas axudas e cada escolar recibirá un máximo de 130 euros en función da renda familiar”.

Os impresos e as bases están dispoñibles na Casa da Cultura e no Concello de Cervo e tamén no taboleiro de anuncios da páxina web municipal.

Esta liña de axudas vén sumarse a outras que o Concello de Cervo convoca ano tras ano en beneficio das familias e da educación, como poden ser as axudas de transporte, para as que está aberto o prazo de solicitude tamén ata o 21.

**TRANSPORTE.** A delegación de Educación dispón dunha partida de 12.000 euros para as axudas ao transporte escolar daqueles alumnos que cursan estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do termo municipal.

Os estudantes terán que cumprir os requisitos establecidos nas bases, dispoñibles na Casa da Cultura, na Casa do Concello e na sede electrónica da web municipal, e presentar a documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello. O prazo para facelo remata o 21 de novembro –incluído-.

Cada beneficiario, que deberá ter menos de 30 anos, e que cumpra os requisitos que recollen as bases recibirá 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

Ademais, o solicitante ten que cursar algunha destas titulacións: Ensinanzas universitarias, estudos musicais en conservatorios e escolas de música, Bacharelato ou ciclo medio ou superior de FP.

## Comezaron as obras dun novo aparcadoiro en Sargadelos



Comezaron no concello de Cervo as obras para a creación dun novo aparcamento público no Conxunto Histórico e Artístico de Sargadelos nunha parcela de titularidade municipal situada na parte traseira do antigo edificio das Carboeiras.

O alcalde, Alfonso Villares, a tenente alcalde, Dolores García Caramés, e o concelleiro de Turismo, David Rodríguez, achegáronse ata a zona para supervisar os traballos que se iniciaron esta semana e que responden ao obxectivo deste equipo de goberno de “mellorar a seguridade da contorna, ofrecendo unha alternativa real e práctica aos vehículos que ocupan a estrada principal que transcorre ante o centro de emprendemento; a fin

de mellorar tamén o impacto visual de toda esta zona privilexiada polo seu valor patrimonial e natural”.

Villares apuntou que esta nova infraestrutura pública, con máis de 50 prazas de capacidade, e que conta co aval de Patrimonio, tamén servirá para potenciar os negocios establecidos no Centro de Emprendemento que impulsamos desde o Concello de Cervo, xa que permitirá aumentar a afluencia de visitantes ao verse incrementadas as posibilidades de estacionamento na zona.

O orzamento total desta actuación ascende a un total de 67.589 euros, financiados na súa totalidade polas arcas municipais.

## riotorto

## O BNG denuncia “falta de interese” do Mitma por arranxar os accesos á N-640

O BNG denunciou a “pasividade do Goberno central ante o perigo” nos accesos da N-640 no concello de Riotorto. Concretamente refírese a accesos a esta estrada nacional desde a LU-P-5503 e a LU-P-550, dos que os veciños de Santa Comba de Órrea, deron a coñecer á Xefatura da Unidade de Estradas do Estado o “mal estado” no que se atopaban xa no ano 2013.

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, considera que o Goberno do Estado “está a eludir as súas responsabilidades #ante as queixas e denuncias reiteradas por parte dos veciños”.

Rego reclama por tanto ao Estado iniciar as actuacións necesarias para garantir o tránsito seguro das persoas nestes accesos e rexistrou preguntas no Congreso para que o Goberno explique as actuacións previstas para mellorar a seguridade nos accesos á nacional.

## A CHMS limpa o río Ferreiravella ao longo de 2,3 quilómetros

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o investimento de máis de 445.000 euros que achega este ano a Confederación Hidrográfica do Cantábrico para traballos de limpeza, conservación e mantemento das canles nos ríos na provincia de Lugo. Fíxoo durante unha visita ao concello de Riotorto para supervisar, xunto ao presidente da CHC, Manuel Gutiérrez, e ao alcalde, Clemente Iglesias, as actuacións que está a desenvolver a Confederación Hidrográfica na canle do río Ferreiravella, no Mazo.

Nesta liña, avanzaron que as actuacións levadas a cabo teñen como obxectivo mellorar e manter o bo estado das contornas fluviais e previr, na medida do posible, desbordamentos en tramos con obstrucións ou de capacidade hidráulica reducida. Nestas zonas realízanse retira-

das de restos vexetais (tocos, ramas, troncos, etcétera), talla e poda de árbores en perigo de caída ou o acondicionamento dos áridos causantes dos taponamentos.

A subdelegada considerou fundamentais estas actuacións de restauración fluvial e protección dos ríos da provincia, “porque reducen o risco e perigo de inundacións, ao tempo que permiten unha mellor xestión do territorio”.

Dentro das intervencións realizadas o pasado ano pola Confederación Hidrográfica do Cantábrico destacan as destinadas a mellorar a continuidade dos leitos mediante a eliminación de obstáculos que impiden o movemento e a dispersión dos organismos que deterioran a calidade do medio natural, seguindo as directrices da Directiva Marco da auga e a lexislación española en materia de



auga.

En todos os casos en que foi necesario, realizáronse previamente traballos orientados a minimizar os impactos na fauna como a pesca eléctrica e o rescate de anfíbios, para o seu traslado a outras zonas, seguindo as directrices e recomendacións autonómicas e coordinando cos responsables municipais e os veciños das zonas de traballo.

**TRABALLO.** As actuacións consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes

tramos do leito, na talla de árbores secas, enfermas ou con risco de caída, así como a poda da ramaxe intensiva e arbustiva que diminúa a sección de desaugadoiro do leito.

Estas actuacións, que contan cun orzamento de 14.700 euros, lévanas a cabo a empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos.



## O CSIC inicia o estudo do castro Rueta cun método pioneiro

Un equipo do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) coordinado por David González Álvarez (Instituto de Ciencias do Patrimonio) e por Jesús García Sánchez (Instituto de Arqueoloxía de Mérida) inicia un estudo preliminar do castro de Rueta, o cal contempla a súa análise cunha metodoloxía pioneira en Galicia para avaliar o seu estado de conservación e considerar a súa idoneidade para o desenvolvemento de actuacións máis ambiciosas nun futuro próximo.

“As actuacións previstas agora contemplan aplicar métodos de traballo non invasivos para espremer as informacións dispoñibles sobre a biografía deste xacemento sen mover nin un gran de terra. E é que os métodos de prospección geofísica, empregando magnetómetros e georradars, o estudo do poboado fortificado con diferentes sensores transportados por drons, así como o estudo de imaxes aéreas e satelitais, serven para evitar afeccións sobre o xacemento antes de consi-



derar a súa idoneidade para poñer en marcha un programa de actuacións con métodos máis habituais en arqueoloxía, como a escavación”, explican os arqueólogos do CSIC. “Estas actuacións tomaron forma grazas á iniciativa da Asociación Mariña Patrimonio, desde onde se solicitou o apoio da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo a través dunha subvención para desenvolver investigacións arqueolóxicas. Paralelamente, o Concello de Cervo sumouse ao proxecto achegando persoal e medios propios

para efectuar unha roza moi extensa do castro e a súa contorna para facilitar as actividades arqueolóxicas. Por último, e á vista do notable interese deste xacemento para as liñas investigadoras dos arqueólogos a cargo da actuación, fondos propios do CSIC completan o orzamento dispoñible para efectuar estes traballos”, destacan González e Sánchez, quen sinala á súa vez “a excelente disposición dos propietarios dos terreos sobre os que se levanta o castro, quen deu o seu permiso para desenvolver estas investigacións”.

## Melloran a accesibilidade na zona de Río Cobo



O equipo de Goberno destinará preto de 50.000 euros na mellora da accesibilidade e da seguridade en Río Cobo, en concreto na contorna da urbanización Vía Láctea. O rexedor, Alfonso Villares, e a tenente alcalde, Dolores García Caramés, achegáronse ata a zona para supervisar os traballos que comezaron esta semana e que están cofinanciados coa Xunta de Galicia que aporta algo máis de 22.000 euros.

Tal e como explicou Villares a obra contempla a renovación parcial da

rede de saneamento –separando augas residuais e pluviais– e a execución de novas beirarrúas, mellorando substancialmente as condicións de accesibilidade e a seguridade, tanto do tráfico rodado como dos peóns.

Villares apuntou que se trata dunha actuación importante para este núcleo, “tentamos que as inversións públicas cheguen a cada recuncho do noso concello, dotándoo de servizos e infraestruturas que o fagan máis atractivo para vivir; traballamos decididamente para elo”.

## Un paso máis para o Museo

### O Concello adquiriu a finca anexa ao Museo do Mar para a súa ampliación

O Concello de Cervo materializou a compra da finca anexa ao Museo Provincial do Mar por un valor de 161.175 euros, máis 2.520 euros en concepto de pago á persoa arrendataria da propiedade que se inclúe na compra.

Polo tanto, esta parcela situada en pleno centro de San Cibrao cuxa superficie total que é de 2.568 m<sup>2</sup> para a ser un ben municipal.

Tal e como declarou o rexedor, Alfonso Villares, “é un momento importante para Cervo, porque conseguimos o obxectivo polo que levamos pelexando todos moitos anos”.

Con esta adquisición, o Concello demostra con feitos a súa firme aposta pola cultura e o patrimonio “porque entendemos que todo ese inmenso legado patrimonial que agocha o Museo do Mar de San Cibrao, que atesoura o corazón da historia mariñeira da comarca, merece un espazo axeitado acorde á súa inmensa valía”.

Con este paso tan importante seguese co obxectivo de dignificar toda esa herdanza mariñeira



que merece ocupar un lugar privilexiado para a súa divulgación, “tamén por respecto aos nosos antepasados e a toda esa xente que contribuíu a engrandecer o fondo documental e histórico do Museo, o museo público do mar máis antigo de Galicia”, engadiu o rexedor.

Por outra banda, Concello e a asociación de veciños de San Cibrao volveron insistir na ampliación do Museo do Mar de San Cibrao e lamentaron “a falta de sensibilidade da Deputación

**“Todo ese inmenso legado patrimonial que agocha o Museo do Mar merece un espazo axeitado acorde á súa inmensa valía”**

provincial que non asume os custos do proceso de ampliación, que xestiona desde que



lle fora cedido no ano 2003, cando pasou a integrarse na rede museolóxica dependente deste organismo”.

Tal e como explican, a institución provincial “leva anos eludindo tanto os acordos plenarios como as diversas peticións cursadas polas veciñanzas para que asuma o compromiso de asumir a ampliación sen obter resposta algunha”.

Neste senso, cabe recordar que en agosto de 2021 a corporación municipal, aprobou en ple-

no instar á Deputación a asumir o compromiso de ampliar o Museo o que require da adquisición do terreo contiguo a fin de conseguir un espazo axeitado para acoller toda a riqueza patrimonial, etnográfica e histórica que atesoura este inmovible. Esta proposta xa se apoiaba noutros acordos subscritos en anos anteriores ou a moción presentada en marzo do 2005 polo BNG que saíu adiante cos votos a favor de toda a corporación.



## MAR

## “A prohibición afecta a zonas onde se pesca dende hai 40 anos sen problema”

Sergio López, xerente da OPP de Burela

Falamos co xerente da Organización de Produtores Pesqueiros de Burela, Sergio López, sobre o veto da pesca por parte de Bruxelas. Unha medida que repercute directamente na actividade de máis de 200 barcos de capital galego e de xeito indirecto en 900.

Tralo peche das 87 zonas de pesca entre o Golfo de Cádiz e a zona norte de Gran Sol, onde se considera que hai ecosistemas mariños vulnerables, previse que medio milleiro de barcos e uns 2.000 pescadores deberán deixar de realizar pesca de fondo en 16.419 quilómetros cadrados do Atlántico.

Segundo o xerente da Organización de Produtores Pesqueiros de Burela, Sergio López, “a afectación é moi grande pero non podemos cuantificala polo momento pois hai xente no mar e están intentado coordinarse para poder pescar, pois algúns deles que realizan a súa actividade o 75% do ano téñense que reubicar. Xa veremos cal é a realidade nas próximas semanas”.

López asegura que “o problema desta prohibición tan xeral é que afectou sobre todo a zonas onde se está pes-

cando e onde se pesca dende hai 40 anos sen ningún tipo de problema porque é onde cría o peixe”.

No ano 2016 púxose en marcha un regulamento que pretendía limitar a pesca de arrastre de fondo “porque había unha gran presión de grupos medioambientais que crían que había que reducir ao máximo o arrastre pois consideraban unha arte de pesca daniña para o fondo”, di López.

Este regulamento definía unha serie de especies e profundidades onde non estaban as artes de pesca selectivas nin as principais especies do sector burelés como son a merluza no caso dos pincheiros ou o rape e o gallo no caso dos arrastreiros. “Por iso daquelas existía certa tranquilidade porque a nós non nos afectaría”, engade López.

Pero en xuño do 2022 fíxose pública a proposta do regulamento no que afectaba a todas as zonas de pesca e todas as artes de pesca, “pois consideran que se o palangre aínda que sexa con anzol se chama de fondo pois xa está en contacto con el”, di o xerente da OPP de Burela, “entón nós alegamos unha serie de cuestións técnicas e de que non houbo

case consultas, e estábanse barallando distintos escenarios para a aceptación. E de estas propostas escolleron o que máis zona protexía”, relata, “pero o problema é que se aplicou a todas as especies”.

Sergio López, xerente da Organización de Produtores Pesqueiros de Burela

Pero cando estaban esperando a contestación a ese recurso o 15 de setembro aprobouse o regulamento “sen modificar nin unha coma da proposta de xuño”.

Pola súa parte presentarán un recurso o Tribunal Xeral da Unión Europea ao que se une o do Goberno do Estado como estado membro, pois “colocar nun espazo tan pequeno a todos os barcos é imposible. Ademais de que hai artes de pesca que non son compatibles con outras. Onde hai un palangreiro non pode haber un arrastreiro pois coa rede leva os aparellos”, di.

Desde a OPP consideran que se trata dunha norma inxusta, desproporcionada, sen unha base técnica suficiente e con fallos tanto na forma como no fondo, algo no que coinciden tanto as institucións políticas



como científicas.

“Hai zonas e zonas e todo isto que tiña un equilibrio e que estaba funcionando dende fai anos, vaise estropear”, di o burelés, “a única solución agora mesmo é facer unha suspensión e analiza os datos dispoñibles”.

**PARLAMENTO.** O Pleno do Parlamento aprobou a proposta socialista para reclamarlle á Xunta unha “actitude proactiva” para reverter a restrición á pesca de quenlla, que prexudica á frota palangreira de superficie de Vigo, A Guarda, Marín e Burela. A portavoz de Pesca do Grupo Socialista, Patricia Otero, presentou esta iniciativa diante da votación no Pleno do Parlamento Europeo para incluír este escualo no listado de especies ameazadas Cites.

Otero advertiu que esta decisión, por iniciativa de Panamá e en contra de criterios científicos, do sector pesqueiro e do goberno de España, suporía entre outras cousas esixir un certificado para a súa comercialización, “con todos os problemas e cargas burocráticas que supón”. Advirte que o argumento para incluír á quenlla ou tintoreira neste listado parte dun “suposto parecido” con outras especies de escualos que si que poderían estar ameazadas.

A responsable socialista instou ao goberno galego a integrar unha “fronte común para apoiar ao noso sector deste novo ataque”, perpetrado a través dunha decisión proposta outra vez “de xeito unilateral, sen ter en conta ao sector, aos estados membros e aos informes científicos”.

## O eurodeputado socialista esíxelle á CE que suspenda a prohibición de pesca de fondo

O Regulamento de augas profundas, que entrou en vigor o pasado 9 de outubro e polo que se prohíbe a pesca de fondo en 87 zonas distribuídas entre España, Francia, Irlanda e Portugal, volveu a dar o presente na sesión plenaria do Parlamento Europeo deste xoves. Os europarlamentarios socialistas esixíronlle, de novo, á Comisión Europea que suspenda a execución do mencionado regulamento ao impactar negativamente nas comunidades costeiras, estreitamente vinculadas á pesca.

O eurodeputado galego Nicolás González Casares, membro suplente da Comisión de Pesca, referiuse ao sector pesqueiro de Galicia como “o máis potente da Unión Europea” e pediu “respecto pola pesca e pola xente do mar que se está vendo agredida polas decisións da Comisión Europea” adoptadas “sen verdadeiro peso científico”. Casares sinalou “o dano socioeconómico”



que implica a aplicación do regulamento e criticou que se lle achegue aos Estados membros a responsabilidade de paliar estes prexuízos coas axudas do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA). “Os pescadores non queren subvencións nin indemnizacións, o que queren é saír a pescar”, subliñou.

O socialista esixiulle ao comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca, Virginijus Sinkevičius, que suspenda o regulamento e o volva avaliar ante un panorama que se presenta “insustentable para a xente da pesca”.

## A cota de merluza sur para o Estado amplíase ata 9.201 toneladas para o ano 2022

A frota pesqueira española poderá capturar este ano 4.122 toneladas de pescada sur máis que as 4.899 que tiña asignadas inicialmente, o que significa un incremento do 84 %, en virtude do acordo de revisión do regulamento de totais admisibles de captura (TAC) e cotas alcanzado hoxe no Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea (UE), celebrado en Luxemburgo.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, considerou que este acordo é “moi significativo e tremendamente importante para España”, porque “responde a unha petición do noso país en base aos informes científicos que avalan a suficiente dispoñibilidade de existencias desta especie”. O incremento da cota beneficia a 1.200 embarcacións pesqueiras españolas localizadas principalmente no Atlántico, Cantábrico e o Golfo de

Cádiz, e na súa maioría de arrastre, volante, palangre de fondo e artes menores.

Este incremento produciuse grazas á insistencia de España en revisar a regra de explotación desta especie, que permitiu reclasificala en categoría 1, incrementando por tanto a súa TAC dentro dos niveis de rendemento máximo sostible. Esta decisión permite ao mesmo tempo reverter a tendencia dos últimos 8 anos con descensos continuados dos TAC adoptados. Hai dous anos, a Comisión Internacional para a Exploración do Mar (ICES, polas súas siglas en inglés), decidiu degradar a categoría de avaliación da pescada sur a categoría 3, polo fallo no modelo de avaliación, e adoptar desde ese momento un enfoque precautorio. Isto supuxo unha adopción de TAC moi limitados en 2021 e 2022 que limitaron as posibilidades de pesca da frota española.

## O porto de Celeiro acolle unhas novas Xornadas Técnicas

Os días 24, 25 e 26 de novembro celebrarase no porto de Celeiro a XXVI edición das Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro.

Así, un nutrido programa de nada menos que 25 conferencias de carácter multidisciplinar que abarcarán grandes temas da problemática sectorial pesqueira. A organización xa abriu as inscricións e as persoas que o desexen poderán rexistrarse na nesta ligazón.

O evento, que na actualidade goza dun recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional, poderá seguirse a través de internet desde calquera lugar do planeta. A organización do congreso, do mesmo xeito que fixo na efeméride da XXV edición, o pasado ano, opta por realizar un formato híbrido de carácter mixto: presencial, -con prazas e aforo limitado-, e telemático (on-line e en streaming). O congreso pesqueiro segue coa súa estética habitual, e tradicional, e á vez aposta novamente polas novas tecnoloxías.



# DEPUTACIÓN

## Tomé anuncia que os orzamentos superarán os 110 millóns de euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou no Parlamento de Galicia que os orzamentos da institución provincial para o ano 2023 superarán os 110M€, un 10% máis ca este ano polo incremento da achega procedente do Estado, e estarán centrados na mellora dos servizos públicos para os veciños e veciñas do rural e o apoio á economía. Segundo avanzou, o Goberno está ultimando a elaboración das contas provinciais, que elevará ao Pleno ordinario de finais de novembro para a súa aprobación, e que poidan entrar así en vigor a principios de ano, “un obxectivo que cumprimos sempre, dende o inicio do mandato”. Así o expuxo ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos da Cámara autonómica, afondando en que con estes presupostos “avanzamos na senda que marquei o inicio do meu mandato”, da que destacou “tres elementos básicos”: “recuperamos a normalidade e a tranquilidade institucional; temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e que aproveita as capacidades da provincia, algo importante nunha época na que o impacto da pandemia vén seguido das consecuencias da guerra en Ucraína; e levamos un ritmo de xestión e de execución moi elevado”.

**POLÍTICAS SOCIAIS.** O presidente explicou que os orzamentos aséntanse

en catro piares: as políticas sociais, a cooperación cos concellos, o apoio ós sectores produtivos e a mellora da mobilidade.

A institución provincial dedica un terzo do total do seu presuposto anual a políticas sociais, o que “nos converte nunha das poucas deputacións de todo o país cunha rede de protección social tan ampla e eficaz, que xa é unha sinal de identidade da Deputación e un referente en España e en Europa polo modelo de asistencia ás persoas maiores que temos implantado en colaboración cos concellos”. “Un modelo público, co que garantimos unha asistencia de calidade; co que favorecemos o arraigo dos veciños ó rural; co que creamos emprego, sobre todo feminino; e co que dinamizamos as economías locais coa compra de produtos de proximidade para o funcionamento dos centros”, recalco o presidente. 6 residencias abertas neste mandato, ás que se engaden a de Navia de Suarna e Ribas de Sil.

A cooperación cos concellos é outro pilar da acción de Goberno da Deputación de Lugo e, polo tanto, dos orzamentos do ano 2023.

José Tomé avanzou que co Plan Único a Deputación inxectará 21,5M€ nas arcas municipais o vindeiro ano, un “esforzo moi importante”, pois trátase do 20% do orzamento provincial, mentres que o Fondo de Cooperación Local é de 143M€, ape-

nas o 1,13% do presuposto total da Xunta.

O apoio ós sectores produtivos será tamén unha das liñas de actuación centrais da Deputación nos orzamentos, con especial atención ó sector primario, “que é fundamental para a nosa provincia a nivel económico e de emprego, pero tamén polo seu peso social e cultural”, e ó sector do turismo, “que ten un tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”.

**PROXECTOS.** Neste sentido, o presidente destacou que, grazas á “relación directa e fluída” co tecido asociativo vinculado ós sectores produtivos máis importantes da provincia, a Deputación saca adiante numerosos proxectos para dinamizar a economía e o emprego, con programas como, Acelera PEMEs ou Reiníciate.

Como “factor esencial para o desenvolvemento social e económico dun territorio”, a mellora da mobilidade é un eixo vertebrador das políticas da Deputación de Lugo, cunha dotación económica que aumentou “ano tras ano”, ata que “chegamos a dedicar neste momento un terzo do orzamento, en torno a 30M€, para as estradas municipais e para os 4.217 quilómetros da rede viaria provincial, a máis extensa dunha institución provincial en toda España e tres veces maior ca da Xunta en Lugo”.

## Acondicionan e reparan a fachada do Pazo de San Marcos

A Deputación de Lugo acomete traballos de reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. As tarefas, adxudicadas en 150.000€, consisten na limpeza das paredes e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado.

O proxecto tamén contempla a colocación na fachada dunhas letras en aceiro pintado co texto Deputación Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Os traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.



Esta actuación súmase aos traballos de reposición da lámina impermeabilizante da parte plana do tellado de San Marcos, deteriorada polo paso do tempo, que se levaron a comezos do pasado verán, e á renovación da cuberta cun investimento

de 350.000€ realizada no ano 2020. Todas estas medidas adoptadas polo Goberno provincial servirán para garantir a conservación do Pazo de San Marcos, pero tamén para darlle unha maior prestancia a este edificio histórico.

## Regresa o Circuito de Teatro Aficionado

Arranca unha nova edición do Circuito de Teatro Aficionado, que inclúe 87 representacións por todas as comarcas. Vintenove compañías –dez máis que na última edición– representan as súas obras no marco deste programa, co que a área de Cultura mantén o apoio ás artes escénicas e ofrece a asociacións e concellos a posibilidade de ampliar as súas axendas culturais.

Trátase de Asociación Cultural Abrente (As Nogais), Alentía Teatro e Metátese Teatro (Palas de Rei); Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, Falcatrueiros (Monterroso), Argalleiras (Chantada), Teatreiras (Monforte), Viraventos (Monforte), Hipócrata Teatro (Lugo), Grupo de Teatro do Hospital – HULA, Os Palimoquiños, Nova Escena, Curuxan Teatro Impro, Grupo de Teatro Down e Os Pinchacarneiros (Lugo); Lume Escénico (A Pontenova), O Torques (Burela), O Centiño, Pico do Castro, A Adala e Axóuxeres (Foz); A Mariña e Bordelo (Cervo); Colectivo Cultural



Ollomao (Barreiros), Borguete Teatro (Vilalba), Os Trocos e Os Baluros (Castro de Rei), Chimchiribote (Pol) e Rebuldeira (Sarria).

A área de Cultura xestionou o calendario, atendendo á dispoñibilidade das compañías e as preferencias dos concellos e asociacións.

O Circuito e Teatro Aficionado artéllase en catro ciclos en función das temáticas e públicos das obras propostas polas compañías, entre as que se atopan traxicomédias de intriga nas que o suspense se adereza con humor negro; funcións que abordan, a través de historias cotiás, problemáticas sociais como a desigualdade de xénero ou pezas cómicas e costumistas nas que os protagonistas son arquetipos sociais, pasando por adaptacións de obras clásicas da literatura.



## Aproban o orzamento do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou un Orzamento de 5,6 millóns de euros para o ano 2023. A Deputación achega o 50% do presuposto.

Estes orzamentos garanten o funcionamento dos seis parques do Consorcio –Monforte de Lemos, Chantada, Sarria, Barreiros, Vilalba e Viveiro-, que contan con 20 efectivos

cada un.

Dos 5.650.023,19 millóns de euros que contempla o Orzamento do 2023, un total de 4,5 están destinados a facer fronte aos salarios dos traballadores e traballadoras, 987.000 euros a gastos correntes, preto de 90.000 ao fondo de continxencia e 57.000 a investimentos.

Polo que respecta aos ingresos, proveñen das achegas da Deputación e da Xunta de Galicia a partes iguais e de UNESPA (Asociación Empresarial del Seguro).



## DEPORTES



## Mosteiro quedouse pequeno para acoller os 91 palanadores da liga

Mosteiro acolleu a terceira xornada da LNB NorLeste de billar con triunfo para os Carabullo. Malia que contaban con facelo, os organizadores da cita billardeira non puideron finalmente acceder aos dous campos de fútbol pero si celebraron a sesión no campo adxunto que se quedou pequeno para acoller aos noventa e un palanadores que se deron cita nesta ocasión. Foron 63 homes, 18 donas e 10 cativos menores de catorce anos os que deportivamente loitaron de igual a igual nun terreo humedecido e coa herba abondo esponxosa, sendo os da Pontenova os que máis palanadores presentaron así como o maior número de cativos (23 maiores e 6 cativos).

Comenzamos con puntualidade prevendo que a xornada se ía alongar, e así foi, mais disfrutaron dun día agradable e soleado

onde as novas incorporacións se van afacendo á mecánica do xogo.

Non houbo grandes puntuacións. Cada un dos tres equipos do podio colocou a un dos seus xogadores no mesmo posto individual. Charli e o seu equipo Carabullo foron os gañadores. Sachas e Troitas Bravas segundos e Gundar e Madia Leva terceiros (se ben estes derradeiros empatados a puntos cos Billardeiros Musicais).

En donas, Billardeiros Musicais copou o podio con Aroa, Geni e Dori (esta compartindo posto con Juncal de Castiñeiro Milenario).

En infantís, Mateu de Madia Leva vai con paso firme afianzándose no primeiro posto, desta volta escoltárono Alba e Antía, as dúas de Troitas Bravas. Diego, un habitual no podio infantil, non estivo moi acertado.

## A carreira Ao Son do Masma de Barreiros ten andaina solidaria

Trala pandemia volve a IV edición da carreira Ao Son do Masma, este ano cunha edición diferente e que está incluída dentro do circuíto +kmBarreiros e tamén pasa a ser unha carreira con andaina, ambas solidarias.

Todas as probas terán saída e chegada nas Escolas de Celeiro de Mariñaos, Barreiros o día 13 de novembro de 2022 a partir das 10.45 horas e ata a saída da andaina ás 12.30 horas.

Esta edición incorporase como novidade a acción solidaria na que unha parte da recaudación desta carreira irá destinada para a aso-

ciación APNED (Asociación de Pais de Nenos con Discapacidade) de Barreiros que fan unha labor de apoio as familias de nenos con diferentes discapacidades. A organización doará 1€ de cada inscrición. O prazo de inscrición estará aberto ata o xoves 10 de novembro, na web [www.maikmsbarreiros.gal](http://www.maikmsbarreiros.gal) ou en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).

A carreira está organizada polo Colectivo Cultural Ollomao de Barreiros, unha asociación que nace no ano 2006 coa finalidade de dinamizar a vida cultural e social do municipio barreirense

## “O obxectivo para esta tempada volve ser o ascenso a Segunda B”

Antonio Rey é o secretario da Sociedade Deportiva Xove FS

### Como naceu o club?

Pois o club naceu no ano 2009, xuntámonos unha serie de amigos que xogabamos ao fútbol e ao fútbol sala e creamos o club para participar na liga provincial e poder seguir xogando e disfrutando deste deporte. Varios dos que creamos o club e xogamos aquel ano e ascendemos a liga autonómica formamos parte da directiva agora. Ascendese dende Provincial a Autonómica e ao ano seguinte conseguimos praza na Terceira División e en tres tempadas logramos o ascenso a Segunda B.

### Quen se atopa á fronte da SD Xove FS? Cantos membros son?

A día de hoxe somos 9 directivos, cada un co seu posto desde o presidente ata os vogais, pero de todas formas intentamos consensuar todas as decisións sempre en conxunto e coma o que somos, un grupo de amigos.

### Como afrontan esta nova tempada?

O obxectivo para esta temporada volve ser o mesmo que na anterior, o ascenso de novo a Segunda B. A tempada pasada levamos un duro golpe ao perder na final en Burela fronte ao Vilalba, pero este ano creo que confeccionamos un equipo para facer unha moi boa tempada e acadar o obxectivo.

### De que logros se sente máis orgulloso?

Hai varios momentos deportivos dos cales sentímonos orgullosos, ascenso a Segunda B, campións Copa Deputación de Lugo, disputa da Copa do Rey, partidos de Copa Galicia, o ascenso do noso xuvenil á Liga Galega etc., pero o que nos fai sentir máis orgullosos é ver o ambiente que hai no pavillón municipal cada fin de semana nos partidos do primeiro equipo, e tamén estamos moi orgullosos da nosa base e de ir medrando cada tempada un pouquiño máis en estrutura de club.

### En que categorías militan?

Agora mesmo participamos na Terceira División da RFEF. Disputamos o mes pasado e por primeira vez na historia do club a Copa do Rei de RFEF e tamén a Copa Galicia e a Copa Deputación.

### Canto tempo é necesario dedicarlle aos adestramentos?

O equipo sénior adestra 3 días á semana, dúas horas máis ou menos cada día, e logo os da base, cadetes e infantís dous días con adestramentos dunha hora e media máis ou menos. Xa son os adestradores os que



se encargan de xestionar os adestramentos, sempre co apoio dos directivos.

### Haberá algunha novidade para a tempada que vén?

A novidade máis importante desta temporada que comeza é loxicamente a disputa da Copa do Rei que tanta ilusión nos fixo a todos e como que finalmente non puidemos superar a terceira rolda pois xogábase co Burela FS.

### Cales son os proxectos máis inmediatos que teñen en mente?

A nosa idea é intentar seguir mellorando en estrutura cada ano, intentar aumentar os equipos de base, que os nenos se animen a xogar ao fútbol sala e tamén manter o noso equipo sénior aínda que cada vez é máis complicado atopar xogadores, levamos xa varias tempadas que costa moito confeccionar os equipos por falta de xente, tanto no sénior coma nos equipos de base.

### Que aporta o club á vida deportiva de Xove?

Entendemos que sobre todo as fins de semana cos partidos dos diferentes equipos hai moita afluencia de afeccionados doutras partes de Galicia agora, e noutras épocas que estabamos en Segunda B pois viña tamén moita xente de Asturias e Castela León para apoiar aos seus equipos. Tamén loxicamente aporta sobre todo a oferta que mantemos para que os rapaces en idades infantil, cadete e xuvenil poidan disfrutar e competir con nós neste deporte que sempre tivo en Xove moita aceptación.

### Contan con apoio municipal?

Para manter o club, para facer actividades, etc.. Claro, sen o apoio do Concello non sería posible, estivemos moitas tempadas en Segunda B como único club da provincia, isto conleva moito gasto en viaxes, en arbitaxes, gastos federativos, etc, que sen o apoio do noso Concello non sería posible. Estamos moi agradecidos do seu apoio en todo momento,

sempre podemos contar con eles e iso é moi importante.

### Que necesidades teñen?

Si algo está claro que non viría mal, sería poder contar con outro pavillón, máis adaptado para a práctica deportiva. O actual está claro que é un clásico e que todos os de Xove lle temos un cariño especial, por todo o que levamos vivido neste lugar, a parte de pavillón de deportes sempre foi un lugar no que xuntarse para todo, eventos deportivos, romarías culturais, baile rexional dos nosos amigos de Saiñas, conveccións, encontros de Palilleiras, etc: sabemos que nestes momentos é complicado, pero si que estaría ben poder contar cun novo pavillón adaptado e preparado soamente para eventos deportivos.

### Como valoran o apoio do pobo?

A xente de Xove sempre foi moito de fútbol sala, sobre todo dende que se comezara a facer o maratón de fútbol sala, que era coñecido en toda Galicia e parte de España. Viña xente e xogadores incluso profesionais de todas partes e era un torneo que todos esperabamos sempre que chegara o mes de xuño para poder disfrutar deste deporte, eu creo que moita xente quedou con moitas ganas de fútbol sala dende aquela e aí estamos nós.

### Teñen algunha lembranza especial dalgún partido?

Temos recordos importantes dos derbis de Copa Galicia no noso pavillón fronte ao Burela FS e tamén fronte ao Santiago Futsal cando estes dous equipos militaban na Primeira División.

### Como veremos ao club dentro dalgúns anos?

Esperamos velo polo menos como estamos agora, iso sería un bo sinal nos tempos que estamos, o que si que nos gustaría é poder contar con moitos máis nenos para os nosos equipos da base. Deportivamente, esperamos velo a vindeira tempada na Segunda B.



# Fúndase un novo club de atletismo co nome Maderas Barcia Cervo

O concello de Cervo conta cun novo club de atletismo tutelado pola experiencia da sección de atletismo das Escolas de Lourenzá, o Maderas Barcia Cervo.

Así na súa primeira foto oficial participaron a presidenta, Patricia Beltrán, o directivo Jesús Baltar acompañando ós ediles do Concello de Cervo David Rodríguez (Deportes) e Dolores García (Educación), así como o vicepresidente da Federación Galega de Atletismo, Jesús Vázquez, o vicepresidente do clube vinculado Escolas Lourenzá, Miguel Gavín, ademais dos adestradores da



sección Ana Vallines, Siro Maseda e Rubén García. Os adestramentos para iniciación serán os martes e xoves ás 16.15 e ás 17.15 nas pistas

de atletismo de San Cibrao. na Veiga. A inscrición aínda permanece aberta e poderase efectuar a través do enlace.

## Altruán organiza unha charla de deporte o 11

O Club de Piragüismo Altruán organiza unha charla sobre o deporte e os pais e será o próximo venres 11 de novembro no salón de actos casa do mar de Ribadeo. Este encontro estará impartido por Iago López Roel e comezará ás 17.00 horas coa primeira charla sobre *Padres y deportistas, porque tus hijos practican deporte*.

Ás 18.00 horas tratarase o tema *Deportistas y entrenadores, el entrenamiento mental en el alto rendimiento*.

## O día 20 será a I Marcha BTT AD Augas Santas Barreiros

A AD Augas Santas de Barreiros organiza para o vindeiro 20 de novembro a I Marcha BTT polo Concello na que se pretende desfrutar dos sendeiros e montañas da contorna.

O percorrido da marcha realizarase no seu 90% por camiños e pistas forestais ben marcados, habendo tamén algún carreiro técnico e pista algo rota. Poderán tomar parte do roteiro os maiores de 18 anos e os menores de idade poderán facelo con autorización paterna.

Contará con dúas distancias a longa de 33 quilómetros e 1286 metros de altitude e a curta de 22 km e 750 metros. A saída realizarase desde a pista de Padel de San Miguel de Reinante ás 9.30 e a chegada será no mesmo lugar.

As inscricións realizaranse a través da plataforma de championchipnorte ata o día 15 de novembro de 2022 ás 23.59 horas, cun límite de 150 prazos. O prezo da inscrición será 24 euros.

## Xove arrasa na gala de Premios da Liga Provincial de Bolos



Celebrouse no Concello de Pola Gala de Entrega de Premios da Liga Provincial de Bolos correspondente a este ano 2022, unha Liga organizada por todos os clubs da provincia e nesta ocasión en concreto polo Club Arcasco-Carballal de Meira.

Un ano máis o Club de Bolos Xove volveu dominar nesta Liga sendo con moita diferenza, o club máis laureado de toda provincia. Acompañando ao Club de Bolos Xove nesta Gala estiveron as concelleiras Dolores Meitín e Cecilia Duarte.

Así as distincións foron para Encarnación Vázquez do Club Cruceiro de Meilán e Gabriel Pérez do Club Santalla, ambos na categoría Xogadores máis lonxevos, e para José Argimiro Cabodevila e Aureo Folgueira na Mención

Especial Finados 2022.

Xa no cadro de honra individual o primeiro posto en Superveterano foi para Jesús Fernández Reigosa do Club Ribatra, en Veterano para Marcelino Rodríguez Álvarez do Club de Xove, en Sénior para Daniel Alonso López do Club de Xove, en Feminina para Julia López do Club de Xove, e en Xuvenil para Xenxo Salgueiro do Club de Xove.

No tocante aos equipos absolutos o Club xovenense acadou o primeiro posto seguido do Ribatra e do Cruceiro de Meilán de Riotorto, en equipos veterano o Club Arcasco Carballal foi o primeiro seguido do de Xove e Ribatra, en na categoría equipo feminino os gañadores foron o de Xove seguido do de Riotorto e O Cadaval de Castro de Rei.

# TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**





# COLABORACIÓNS

## Cuestión de números

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**P**asou o verán, inicio de curso escolar, empeza o outono, setas e castañas, e cando nos deamos conta, tere-mos o nadal ás portas. O tempo non para con ninguén e nada o pode deter. Sempre se fala das dificultades das familias con nenos á hora do retorno ás clases. Libros, material e roupa supoñen un gasto importante que cómpre afrontar, con maior ou menor solvencia por parte dos afectados. Pero no que levamos de ano, segundo os datos oficiais, a inflación vai disparada, xa que ronda o dez por cento, é dicir, que o custe da vida subiu esa porcentaxe, cando habitualmente estaría sete ou oito puntos menos. Evidentemente, os salarios e os beneficios dos autónomos e pequenas empre-

sas non subiron en nivel semellante, senón máis ben todo o contrario, con aumentos mínimos, estancamento ou incluso perdas. Como consecuencia de todo elo, unha merma no poder adquisitivo da xente, isto é, que andamos en xeral moito máis xustos que en anos precedentes. É a economía, estúpido, un lema este do ano 1992 que axudou a que un candidato a presidente dos Estados Unidos resultase vencedor. Sen dúbida, os números son os que mandan e aí máis ou menos, todos nosoutros sabemos sumar e restar.

Esa é a cuestión. Varios son os factores que inciden nesta situación que estamos a vivir.

A invasión de Ucraína trouxo uns efectos nas nosas vidas cotiás; que llelo digan aos gandeiros, quen viron da noite para a mañá como se disparaba o gasto en pensos dunha maneira exponencial.

Logo veu o asunto do combustible, que incide negativamen-

te nas granxas, pero tamén noutros moitos sectores produtivos, como o transporte ou a pesca, así como no conxunto da poboación que utiliza o seu vehículo particular con maior

ten límites, pero cara arriba. De aí que todo, absolutamente todo, estea máis caro do habitual, desde os bens de primeira necesidade como son os alimentos ata os distintos servizos dos



ou menor frecuencia. E por riba de mel filloas, porque o prezo da luz e do gas parece que non

que facemos uso na nosa vida cotiá. Centrándonos no gasóleo e gasolina, botabamos as mans

á cabeza cando pasaba do euro ou chegaba ata o euro vinte, pero é que na actualidade roza os dous. O máis gracioso, aínda que non sexa un chiste, é que nos parecerá unha bicoca cando se estabilice en torno ao euro e setenta céntimos, un importe que vemos nos países alén dos Pirineos, pero onde os soldos medios son moi superiores aos que temos en Galicia.

Quen detén esta tendencia ou quen ten un mínimo poder para tratar de que polo menos se ralentice un pouco... Unha pregunta esta que non atopa resposta. Escoitamos en distintos debates teorías, discursos e propostas duns e doutros, pero que non se concretan na realidade.

Estamos camiñando por un carreira cheo de perigos e as vindeiras xeracións poden pagar moi cara esta desfeita. Por diante, existe un grande desafío. Agardemos que estas circunstancias muden e se albisque un futuro máis esperanzador.

## O coordinador de benestar: a nova figura obrigatoria nos centros educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

**F**ai xa uns anos a Lei Orgánica 2/2006 estableceu a obrigatoriedade de elaborar un Plan de Convivencia para incorporar á Programación Xeral Anual, sendo este un documento no que os centros inclúen actividades encamiñadas a acadar un bo clima nas aulas e buscan solucionar pacificamente os conflitos que poidan xurdir.

A Lei Orgánica 8/2021 de protección integral da infancia e da adolescencia, establece que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade deben ter un coordinador/a de benestar e protección do alumnado.

A figura débese implantar neste curso 2022/2023 pero con flexibilidade, podendo ser mesmo a finais do mesmo, xa que se trata dun proceso gradual.

A Lei recolle que o coordinador/a de benestar será o encargado

de promover plans de formación ao persoal dos centros, os alumnos e os pais sobre prevención, detección precoz e protección de nenos/as e adolescentes. Deberá coordinar tamén protocolos eficaces e claros para aqueles casos que requiran a intervención por parte dos servizos sociais competentes; interceder como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no seu entorno; fomentar o respecto cara os alumnos con discapacidade ou outras circunstancias de vulnerabilidade ou diversidade e fomentar unha alimentación saudable e nutritiva.

A min gustaríame destacar unha das funcións deste coordinador de benestar nos centros educativos que é a de frear as publicacións de contidos sensibles en internet e promover a comunicación inmediata aos axentes de protección de datos de situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade.



A Axencia Española de Protección de Datos dispón dun canal prioritario para comunicar as publicacións non autorizadas en internet de contido sexual ou violento e solicitar a súa retirada das redes de forma urxente. No comezo deste curso escolar, a Axencia publicou un documento que recolle de forma sinxela como deben actuar os centros educativos e como realizar a correspondente denuncia si se detectan este tipo de actuacións. É precisamente aquí onde se converte a figura do coordinador de

benestar e protección do alumnado nunha figura clave para denunciar ante dita Axencia a publicación de todo este tipo de contidos.

A proliferación de dispositivos móbiles, entre outros factores, están propiciando a difusión de datos persoais a través das redes sociais, sendo frecuente que a gravación e publicación de contidos sexuais e violentos, converténdose nun dos instrumentos máis utilizados en casos de acoso, tamén no ámbito escolar. Para rematar, dicir que o sector

educativo, polo xeral, recibiu con indiferenza a medida xa que falta claridade á hora de desenvolver a Lei e rexeita a maneira na que se está a trasladar aos centros, sen unha regulación concreta e clarificadora, sen recursos adicionais imprescindibles, e sen o coñecemento das consecuencias que poden carrexar unha incorrecta aplicación das súas funcións e protocolos. O profesorado teme que ao final se converta, outra vez máis, tan só en burocracia, burocracia e máis burocracia.



## O can do Barreiro

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**É**ben certo iso de que o mundo que coñecemos se acaba. Estudiamos na escola a desruralización na meirante parte da Galicia profunda, e da que non o é, pois tamén, para que imos a enganarnos. Escoito a Rodrigo Cortés na radio dicir que non ten unha opinión formada do noventa por cento dos temas de actualidade e que tampouco aspira a tela, nin ten inquedanza ningunha por amosarse dun lado ou do outro nos debates frecuentes desta prensa que existe agora. El, que define tanto e tanto ben en Verbolario, coido que exemplifica o que é ser un home prudente. Eu, pola miña banda, que máis que definir aplico fór-

mulas ou as demostro, ás veces obrígame a formarme sobre certos temas, para non perder o contacto coa actualidade e moito menos, coas letras. Pero nisto, nisto vou a facer como se me presupón por ser galega. Porque de casta lle vén ao galgo, e que non se saiba se vou ou veño, malia que se me note.

Criada nunha taberna da aldea, estiven máis dunha semana cabreada coa idea de que meus pais mercaran un piso. E por máis que pasen os anos, só confirmo que o meu lugar está aquí. Nunha casiña da aldea. O meu segundo momento favorito do día é cando esperto e baixo debruzarme ao muro en M. e vela mañanciña levantando por riba dos Farillóns. Prométovos que aínda hai sitios onde as chaves dos coches quedan postas no contacto cos coches aparcados na eira. E casas des-

pechadas todo o ano. Dídeme agora que non me entendedes. Igual ca eu respeto e admiro ás miñas amigas máis cosmopolitas, eu tamén teño as miñas razóns de peso para non querer marchar aquí. Entre columna e columna, vin pola rúa a un profesor de Galego deses que quedan para sempre, coido que orgulloso por deixar unha pegada na miña escrita, dixo que axiña recoñecera as miñas colaboracións, porque seguía a manter a mesma esencia daqueles traballos que lle entregabamos cando eramos noviños. Fíxome a muller máis feliz da volta, como diría C. desde Ferroltera ata Ribadeo. Un home embebido de coñecementos, cunha rutina rigurosa de prensa que o obriga a ler ata nove ou dez xornais para coñecer distintos puntos de vista e así ter unha opinión sólida sobre o que le. Como para non


poñerme contenta que se acordase de min, non sei que foi o que me fixo máis ilusión: que me dixese que seguía a escribir desde o mesmiño lugar do corazón que o facía cando era cativa, ou a nosa recién descuberta animadversión polos artigos de Reverte.

Este mes na aldea pasou algo que desencadenou toda esta carraxe. Temos un can, así, en plural, porque na aldea, os cans non son coma no resto dos sitios, un can non é máis teu ca meu porque ti o leves nun bolso facela compra. Imos a chamarlle B., pois a B. tróuxoo para á aldea unha vella, como sinónimo de señora, pero acáelle mellor o termo de vella. Unha vella que agora non mira dela, como para atender dalguén máis. Pois a B. pasou a atendelo M., lavallo acotío, deixarlle a comida no mesmo sitio, saír ao amencer pasear con

el e máis co seu can, facerlle todas esas cousas que precisa un can vaia, coma querelo e deixarse querer. O mesmo na casa de I., e así na de todos os veciños. Mesmo foi conmigo de excursión a Foz, porque o seu pelo precisaba de coidados profesionais, e así o fixemos. B. é un can feliz, atendido, pero é o can de todos, porque é un can da aldea, el mora onde quere, e para onde lle parece. Isto non lle pareceu ben aos membros dunha protectora a onde tivemos que ir recollelo. Preguntábanme polo dono, pero cando cheguei con el de volta, I. díxome de facer unha lista cos nomes de todas as casas, porque o certo é que non é mais dun ca doutro, porque todos o queremos o mesmo de moito. Coido que neste mundo que vivimos é todo tan susceptible de parecer mal, que xa non se pode nin ser un can da aldea.

## Morriña

CULTURA



Rebeca Maseda

**“**Sentimento e estado de ánimo melancólico e depresivo, en particular o causado pola nostalgia da terra”. Así define esta fermosa palabra o dicionario da Real Academia Galega, pero poderíamos dicir que existen cores morriñentas, lugares morriñentos? Pois a verdade é que, dependendo da situación, sería posible aplicar este cualificativo a moitas cousas. Por exemplo, o outono ten algo de morriñento, un “non-sei-que” que resulta difícil de explicar: As follas comezan a formar un edredón de cores únicas, marrón, amarelo, ocre; os cogomelos agroman nos prados, as castañas invaden o chan, os días fanse máis cortos e a noite cobra protagonismo. Está claro que a natureza ten os seus propios sinais pero, así mesmo, as persoas tamén percibimos estes cambios. Parece que coa caída da folla adoita morrer máis xente e o cabelo debilítase. Incluso podemos chegar a sentirnos un pouquiño máis tristes/as, como se o noso ánimo se sosegara paulatinamente. Observar como chove a través dun cristal embazado, mirar o lume chispeante da cheminea,



mergullarse nos propios pensamentos. Todas elas, situacións que ben poderían evocar un sentimento de morriña, igual que un libro, unha película, unha canción ou mesmo sensacións máis etéreas como un sabor ou un olor. No imaxinario colectivo atopamos multitude de ideas ou visións inspiradoras, moitas delas sacadas dunha película ou dunha serie. Xamais esqueceré o principio de “Anticristo” (2009), longametraxe do afamado cineasta danés Lars von Trier. Nesta escena unha parella ten relacións apaixonadamente mentres o seu fillo Nick sae do seu berce, sobe a unha mesa e cae por unha xanela aberta. O neno fica no chan cuberto de neve e xusto no momento da súa morte, móstrase á muller

no clímax sexual. Esta secuencia está rodada en branco e negro e acompañada por unha música sublime, a aria “Lascia ch’io pianga” pertencente á ópera “Rinaldo” de G. F. Händel. Toda a escena desprende beleza a esgalla, a fotografía, o mimo co que se trata cada fotograma, a elección da música, realmente maxistral. Outro claro exemplo de como o drama e o caos, aínda co seu negativismo implícito, poden transmitir fermosura. Paradoxos da vida, e polo tanto, da arte.

Din que a música é unha disciplina artística que, polo seu carácter universal, é quen de evocar infinidade de sentimentos e emocións no ser humano. Desde a máis alegre ata a máis traxica, desde o transcendental ao irrelevante e como non, morriña incluída. Dado que a listaxe de obras podería ser interminable, seleccionarei tres pezas que persoalmente asocio con ese sentimento que para tanta xente nos caracteriza como galegos e galegas: a morriña.

Comezarei con “Gymnopédie No. 1” do compositor francés Erik Satie (1866-1925), primeiro movemento que forma parte dun ciclo de tres danzas escritas para piano só. Esta maravillosa e breve peza é probablemente unha das obras máis afamadas do compositor. Parece ser que Satie sentiu-

O RECUNCHO DE CANELINA



se moi inspirado despois de ler a novela histórica “Salammbô” de Gustave Flaubert e quixo compoñer música para piano vencellada ás danzas da Grecia Clásica. A seguinte peza da miña listaxe está catalogada por moitos/as expertos/as como un dos grandes fitos na Historia da Música Occidental: O “Adagietto” da Quinta Sinfonía en Do# menor do compositor austríaco Gustav Mahler (1860-1911). Popularmente coñecida por formar parte da banda sonora da película “Morte a Venezia” (1971) do cineasta italiano Luchino Visconti;

esta peza - escrita só para cordas e arpa - ben podería tratarse dunha carta de amor sonora de Mahler para a súa amada esposa, Alma. Emoción e dramatismo na súa expresión máis íntima e xenuína.

Por último, e cambiando de estilo, unha canción que non necesita definición: “Corcovado” – coñecida en inglés como “Quiet Nights of Quiet Stars” – de Antônio Carlos Jobim na súa versión de 1963 interpretada por Stan Getz, João e Astrud Gilberto xunto ao propio Jobim. Bendita morriña, canto nos dás...



## DE RUTA EN RUTA

# Ourol: Ruta indiana

Con esta ruta pódese coñecer unha parte imprescindible da historia da Mariña, unha mostra do legado indiano

**E**ste roteiro ofrece un percorrido polo patrimonio indiano máis destacado do municipio de Ourol. Unha proposta con dezaete sete puntos de visita e que permite coñecer, a través da arquitectura, unha parte imprescindible da historia da Mariña: a emigración a América e o relevante legado cultural que os emigrados deixaron neste territorio.

Algunhas das edificacións que se poden visitar nesta Ruta indiana son as Antigas Escolas Vicente Casavella, que foron construídas grazas a que cando o veciño Casavella morreu deixou estipulado no seu testamento que se legase á parroquia de Ourol a cantidade de 25.000 pesetas para a construción dunha escola de ambos os sexos na propia parroquia. O Concello, cumprindo a última vontade deste veciño, comeza a construción dun edificio no que se situarán a escola, unha capela e os locais da Casa Consistorial. A Casa García, que é unha vivenda promovida por Vicente García Rodríguez emigrante en Uruguai e en Arxentina.

A Casa de Pita, que data de 1928, é unha vivenda promovida por Francisco Carballido en 1928 formada por dúas plantas e un baixocuberta, con cocheira lateral rematada nunha terraza balaustrada. A interesante fachada, está rematada por unha bufarda teitada con cuberta a dúas augas. O xardín está salpicado de varias especies arbóreas propias da zona.

O Cemiterio Indiano de Xerdiz foi construído en 1908 grazas ás doazóns de 64 veciños residentes en Cuba e 110 da propia parroquia. É un dos cemiterios indianos máis

representativos da Mariña grazas á riqueza do patrimonio que garda, con esculturas realizadas -entre outros canteiros- polas famosas mans de Francisco Veiga.

A Casa de Rego foi levantada nos anos 20 por Antonio Ladra, emigrante en Cuba. Destaca sobre todo a bufarda con coroación en traza circular, os linteles dos recercados, e as carpinterías centrais en curva. A Casa das Veigas é unha casa labrega reconvertida en indiana nos anos 30 por Francisco Cao, emigrante en Cuba. A vivenda consta de tres plantas na que destacan dúas galerías nos laterais. Posúe interesantes elementos decorativos que revelan a intención do promotor de amosar o seu éxito.

A Casa de Puentes, do ano 1922, pertence a Manuel Puentes Rouco quen emigrou a Cuba nas adegas dun barco para voltar a Galicia en primeira clase. É unha construción de estilo autóctono de planta cadrada con dous pisos e faiado e no

costado álzase unha pequena construción dunha planta que remata en terraza. A fachada destaca pola escasa ornamentación.

A Casa de Jaime Mariño, feita en anos 20 por José Vizoso, é unha construción rectangular de dúas plantas e

un baixocuberta con bufarda sobre a cornixa principal. Non difire dos modelos residenciais autóctonos.

A Casa de Novo foi promovida por Manuel López, quen a construíu en 1926 ao seu regreso de Cuba. É de planta rectangular con dúas alturas

e a súa fachada conta con dous miradoiros de agradable deseño que flanquean un balcón situado no centro. Próximo á porta de entrada hai un banco adornado con motivos florais onde se aprecia o modernismo de principios de século.



## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:  
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:  
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO  
FORMA-t**  
formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605